

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

5940 *Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

O funcionamento eficiente dos mercados e a existencia dunha competencia efectiva son principios básicos da economía de mercado, a cal impulsa e promove a produtividade dos factores e a competitividade xeral da economía en beneficio dos consumidores. Estes principios son tamén fundamentais no deseño e definición das políticas regulatorias das actividades económicas.

Neste marco, os organismos supervisores teñen por obxecto velar polo correcto funcionamento de determinados sectores da actividade económica, facer propostas sobre aspectos técnicos, así como resolver conflitos entre as empresas e a Administración.

A existencia de organismos independentes xustifícase pola complexidade que, en determinados sectores caracterizados principalmente pola potencial existencia de fallos de mercado, teñen as tarefas de regulación e supervisión, así como pola necesidade de contar con autoridades cuxos criterios de actuación se perciban polos operadores como eminentemente técnicos e alleos a calquera outro tipo de motivación.

A orixe dos organismos reguladores independentes remóntase a 1887, cando o Congreso dos Estados Unidos de América encomendou a regulación do sector ferroviario a unha entidade independente: a Comisión de Comercio Interestatal (ICC). Así comezou un proceso que posteriormente se asentaría coa creación da Federal Trade Commission en 1914 e co impulso das políticas antimonopolio. A experiencia americana das chamadas comisións reguladoras independentes integrouse na forma típica das actuacións administrativas nos Estados Unidos que é a administración por axencias, e obedeceu a razóns propias do seu sistema xurídico e estrutura administrativa que non se presentaron nos dereitos europeos.

Neste lado do Atlántico, os países europeos corrixiron os fallos de funcionamento dos mercados mediante a nacionalización das empresas prestadoras de servizos públicos ou a creación de sociedades públicas con esta finalidade. Por outro lado, as correntes europeas dos anos setenta do século pasado cristalizaron en fórmulas organizativas independentes á procura dunha neutralidade e criterios de especialización técnica en sectores con presenza de intereses sociais moi relevantes, como o bolsista, o da protección de datos informáticos ou o audiovisual.

Confluindo coas anteriores tendencias, non sería ata os anos oitenta e noventa cando un amplo conxunto de países da actual Unión Europea, incluído España, impulsado polas sucesivas directivas reguladoras de determinados sectores de rede, tales como a enerxía, as telecomunicacións ou o transporte, levou a cabo un intenso proceso liberalizador no marco do mercado único, que trouxo consigo reformas tendentes a asegurar a competencia efectiva nos mercados, a prestación dos servizos universais e a eliminación das barreiras de entrada e as restricións sobre os prezos.

Neste contexto xurdiu un amplo debate sobre o grao en que os novos mercados que se abrían á competencia debían estar sometidos ás normas e autoridades de defensa da competencia nacionais ou se, polo contrario, debían ser os novos organismos sectoriais independentes os que levasen a cabo a supervisión.

No caso de España, optouse por unha separación de funcións. As autoridades sectoriais encargáronse de asegurar a separación vertical das empresas entre os sectores regulados e sectores en competencia e de resolver os conflitos que puidesen xurdir entre os diferentes operadores, especialmente nos casos en que era necesario garantir o libre acceso a infraestruturas esenciais. Xunto con isto, atribuíronse aos novos organismos potestades de inspección e sanción, así como distintas funcións de proposición normativa económica e técnica e a elaboración de estudos e traballos sobre o sector.

Pola súa parte, a Autoridade de Defensa da Competencia veu exercendo o que se denomina un control ex post da libre competencia, investigando e sancionando as condutas contrarias á normativa de defensa da competencia, e un control ex ante, examinando as operacións de concentración empresarial.

Transcorrido certo tempo desde a implantación deste sistema, que reportou indubidables vantaxes para o proceso de liberalización e transición á competencia dos sectores regulados, cómpre revisalo.

Desde 2011 creceu notablemente o número destes organismos. Ata entón eran cinco: Comisión Nacional de Enerxía, Comisión do Mercado das Telecomunicacións, Comisión Nacional da Competencia, Comité de Regulación Ferroviaria e Comisión Nacional do Sector Postal. A Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, previu a constitución dun sexto, o organismo regulador do sector do transporte. Máis tarde, aprobouse a creación da Comisión Nacional do Xogo e da Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria. A eles hai que unir o Consello Estatal de Medios Audiovisuais, regulado na Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.

Á hora de propoñer a revisión do sistema, o primeiro elemento que se debe tomar en consideración é algo que debe caracterizar, non xa calquera mercado, senón todos os sectores da actividade económica: a seguridade xurídica e a confianza institucional. Estas conséguense cunhas normas claras, unha arquitectura institucional seria e uns criterios de actuación coñecidos e predicibles por todos os axentes económicos. Canto maior sexa a proliferación de organismos con facultades de supervisión sobre a mesma actividade, máis intenso será o risco de encontrar duplicidades innecesarias no control de cada operador e decisións contraditorias na mesma materia.

En segundo lugar, de modo especialmente importante no contorno de austeridade en que se encontra a Administración pública, débense aproveitar as economías de escala derivadas da existencia de funcións de supervisión idénticas ou semellantes, metodoloxías e procedementos de actuación similares e, sobre todo, coñecementos e experiencia cuxa utilización en común resulta obrigada.

En terceiro lugar, as institucións débense adaptar á transformación que ten lugar nos sectores administrados. Débeselle dar unha resposta institucional ao progreso tecnolóxico, de modo que se evite o mantemento de autoridades estancas que regulan certos aspectos de sectores que, por ter sido obxecto de profundos cambios tecnolóxicos ou económicos, deberían regularse ou supervisarse adoptando unha visión integrada.

Nos últimos anos, detéctase unha clara tendencia a nivel internacional a fusionar autoridades relacionadas cun único sector ou con sectores que presentan unha estreita relación, pasando do modelo unisectorial a un modelo de converxencia orgánica, material ou funcional en actividades similares ou a un modelo multisectorial para sectores con industrias de rede. As vantaxes que motivaron a adopción destes modelos son as de optimizar as economías de escala e garantir o enfoque consistente da regulación en todas as industrias de rede. Ademais, argumentouse que o risco de captura do regulador, tanto polo sector privado como polo Goberno, é menor no caso das autoridades multisectoriais, ao se reducir a importancia relativa dun determinado sector ou dun determinado ministerio para a autoridade.

Por último, nalgúns casos, como o dos Países Baixos, integráronse as autoridades reguladoras de certos sectores na autoridade de competencia. Con isto conséguese unha maior eficacia na supervisión da competencia nos mercados, ao poder contar de forma inmediata co coñecemento dos reguladores sectoriais, que exercen un control continuo sobre os seus respectivos sectores a través de instrumentos de procesamento de datos máis potentes.

A situación actual en España, en que se aprobou a creación de oito organismos supervisores vinculados aos mercados de produtos e de servizos e se previu a creación doutro máis, debe evolucionar cara aos modelos que se están implantando nos países da nosa contorna. A filosofía que subxace na existencia de todos estes organismos é fundamentalmente velar por uns mercados competitivos e uns servizos de calidade, en beneficio dos cidadáns. A presenza de todas estas entidades de forma separada, cos seus respectivos órganos de goberno e medios materiais, exige unha reforma profunda tendo en conta a existencia de funcións, procedementos, metodoloxías e coñecementos que, pola súa identidade ou semellanza, ben poderían ser exercidos ou aplicados por unha soa institución.

A normativa europea prevé a existencia de autoridades reguladoras nacionais independentes e dótaas de misións, obxectivos e competencias concretas. Non obstante, as competencias das comisións en España son máis amplas que as requiridas pola normativa europea, no referente á política sectorial, a concesión e revogación de títulos habilitantes para o exercicio de determinadas actividades, o asesoramento ao Goberno e o estudo e investigación dos sectores.

Por isto, o obxecto desta lei é a creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, que agrupará as funcións relativas ao correcto funcionamento dos mercados e sectores supervisados pola Comisión Nacional de Enerxía, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, a Comisión Nacional da Competencia, o Comité de Regulación Ferroviaria, a Comisión Nacional do Sector Postal, a Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria e o Consello Estatal de Medios Audiovisuais.

II

A lei consta de trinta e nove artigos agrupados en cinco capítulos, dezaoito disposicións adicionais, dez disposicións transitorias, unha disposición derogatoria, once disposicións derradeiras e un anexo.

O capítulo I, «Natureza e réxime xurídico», procede á creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, cuxo obxecto é garantir, preservar e promover o correcto funcionamento do mercado, así como a transparencia e a existencia dunha competencia efectiva en todos os mercados e sectores produtivos en beneficio dos consumidores e usuarios. A Comisión configúrase como un organismo público dos previstos na disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

A Comisión está dotada de personalidade xurídica propia e plena capacidade pública e privada e actuará con pleno sometemento á lei, con autonomía orgánica e funcional e con plena independencia do Goberno, das administracións públicas e de calquera interese empresarial e comercial. Sen prexuízo da súa independencia, a Comisión velará pola aplicación uniforme da normativa sectorial e xeral de competencia no territorio nacional mediante a cooperación coa Administración xeral do Estado, coas comunidades autónomas, cos órganos xurisdiccionais, coas institucións e organismos da Unión Europea, en especial coa Comisión Europea, e coas autoridades competentes e organismos doutros Estados membros no desenvolvemento da súa actividade.

O capítulo II, «Funcións», expón as funcións da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Estas funcións pódense clasificar en dous grandes grupos. Por un lado, a Comisión exercerá funcións, con carácter xeral, no conxunto de mercados para a defensa e promoción da súa competencia. Estas funcións son tanto de supervisión como de arbitraje e consultivas.

Cómpre destacar que as funcións de defensa da competencia recollidas na Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, se atribúen integramente á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Esta reforma non afecta o contido substantivo da Lei 15/2007, do 3 de xullo, que permanece igual salvo no esquema institucional de aplicación da norma.

Por outro lado, a Comisión exercerá funcións, con carácter singular, en determinados sectores e mercados regulados, onde a aplicación da normativa de defensa da competencia resulta insuficiente para garantir a existencia dunha competencia efectiva. Estes sectores ou ámbitos son os seguintes: as comunicacións electrónicas e a comunicación audiovisual, os mercados da electricidade e de gas natural, o sector postal, as tarifas aeroportuarias e determinados aspectos do sector ferroviario.

As funcións que a Comisión exercerá sobre os citados sectores foron tradicionalmente desempeñadas polos organismos reguladores sectoriais, por requirirse a independencia respecto dos intereses públicos que puidesen confluír. En particular, abranguen funcións de supervisión e control, así como funcións de resolución de conflitos, máis amplas e flexibles que as de simple arbitraje.

Respecto das funcións que debe desenvolver o novo organismo, cabe sinalar que se procedeu a unha reordenación de funcións entre a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e os departamentos ministeriais correspondentes. As disposicións adicionais sexta a décimo primeira aclaran que funcións concretas asumirá cada ministerio. Con esta reestruturación funcional, a lei persegue ante todo a eficacia da intervención pública. En xeral, os ministerios pasan a asumir todas aquelas tarefas de índole administrativa que viñan exercendo os organismos reguladores, para cuxo desempeño non se require unha especial independencia, así como tarefas que resultaban de escasa utilidade para a consecución dos obxectivos da Comisión. Isto permite que a nova Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia concentre a súa actuación nas funcións que verdadeiramente serven ao seu obxecto fundamental, velar por un funcionamento correcto dos mercados e da libre concorrencia.

O capítulo III, «Organización e funcionamento», regula a composición, o réxime de nomeamento e cesamento e as funcións dos órganos reitores da Comisión, que comprenden o Consello e o presidente da Comisión.

O Consello configúrase como o órgano colexiado de decisión da Comisión e entre as súas funcións encóntranse as de resolver e ditaminar os asuntos que a Comisión ten atribuídos e a de resolver os procedementos sancionadores. O Consello actúa en pleno e en salas, unha dedicada a temas de competencia e outra a temas de supervisión regulatoria.

O Consello componse de dez membros: un presidente, un vicepresidente e oito conselleiros. Todos os membros do Consello, incluídos o presidente e o vicepresidente, son nomeados polo Goberno mediante real decreto, e o Congreso poderá vetar o nomeamento do candidato proposto. Coa introdución desta nova exigencia de aceptación por parte do Congreso refórzase a lexitimidade democrática da Comisión. O mandato dos membros do Consello será de seis anos sen posibilidade de reelección.

Por outro lado, régúlase a estrutura básica dos órganos de dirección e establécense catro direccións de instrución, unha para a instrución dos expedientes de defensa da competencia e outras tres para a instrución dos asuntos de supervisión regulatoria nos sectores das telecomunicacións e servizos audiovisuais, da enerxía e, por último, dos transportes e do sector postal.

Débase subliñar a atribución á Dirección de Competencia de todas as funcións de instrución recollidas na Lei 15/2007, do 3 de xullo, que, como actualmente, seguirán exercéndose mantendo a unicidade, coherencia e o carácter horizontal da normativa de defensa da competencia.

Finalmente, séntanse as bases legais do réxime de funcionamento da Comisión, que serán desenvolvidas polo Goberno mediante real decreto, coa aprobación do Estatuto orgánico da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, e polo propio Consello da Comisión, a través do regulamento de funcionamento interno. O Estatuto determinará a estrutura interna das direccións e demais áreas de responsabilidade, garantindo a debida separación entre as funcións de instrución e resolución.

O capítulo IV, «Réxime de actuación e potestades», regula os aspectos esenciais en relación coas facultades de inspección e supervisión, coa potestade sancionadora, co réxime de contratación e do persoal e co réxime económico-financeiro, patrimonial e orzamentario. Por último, para garantir a independencia das decisións da Comisión, prevese que as resolucións adoptadas polo Consello, tanto en pleno como en salas, poñan fin á vía administrativa, e que sexan impugnables unicamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O capítulo V, «Transparencia e responsabilidade», delimita todos aqueles asuntos que a Comisión deberá facer públicos e regula o control que o Congreso e o Senado exercerán sobre a Comisión. O regulado neste capítulo inspírase en gran medida nas novidades introducidas na materia pola Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.

A transparencia da actuación da Comisión é un elemento que reforza a súa lexitimidade e contribúe a infundir a necesaria confianza dos cidadáns na institución. Neste sentido, requírese á Comisión que faga públicos todos aqueles informes que emita, a memoria anual de actividades e os plans anuais ou plurianuais. A Comisión tamén deberá facer públicos os acordos e resolucións adoptados polo Consello e a organización e funcións de cada un dos seus órganos, e disporá dun órgano de control interno. O control parlamentario efectúase a través das comparecencias do presidente ante o Congreso, que terán como mínimo unha periodicidade anual.

As disposicións adicionais regulan unha serie de aspectos complementarios destinados a permitir a reforma institucional introducida por esta lei. Prevese a constitución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no prazo máximo de catro meses desde a entrada en vigor da lei; a extinción dos organismos cuxas funcións asume a Comisión; a integración dos bens sobrantes da fusión no patrimonio da Administración xeral do Estado; as funcións que asumen os distintos departamentos ministeriais en relación cos mercados regulados; e a integración do persoal dos organismos que se extinguen na Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ou na Administración xeral do Estado, segundo proceda.

Pola súa parte, as disposicións transitorias regulan determinados aspectos necesarios para a posta en marcha do novo organismo, relativos ao primeiro mandato dos conselleiros; ao desempeño de funcións polos organismos reguladores que se extinguirán mentres a nova comisión non se poña en funcionamento; á continuación dos expedientes pendentes pola Comisión ou o ministerio competente, segundo proceda; aos orzamentos da Comisión e ao réxime de persoal.

As disposicións derogatoria e derradeiras efectúan as derogacións e modificacións das normas con rango de lei que resultan afectadas pola entrada en vigor desta norma, prevén o desenvolvemento regulamentario, a habilitación competencial e a entrada en vigor da lei.

O anexo inclúe as taxas e prestacións patrimoniais de carácter público relacionadas coas actividades e servizos regulados na lei, cuxo ingreso se efectuará no Tesouro público.

CAPÍTULO I

Natureza e réxime xurídico

Artigo 1. *A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

1. Créase a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, como organismo público dos previstos na disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

2. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ten por obxecto garantir, preservar e promover o correcto funcionamento, a transparencia e a existencia dunha competencia efectiva en todos os mercados e sectores produtivos, en beneficio dos consumidores e usuarios.

3. Para os efectos do establecido no punto anterior, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia exercerá as súas funcións en todo o territorio español e en relación con todos os mercados ou sectores económicos.

Artigo 2. Natureza e réxime xurídico.

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia está dotada de personalidade xurídica propia e plena capacidade pública e privada e actúa, no desenvolvemento da súa actividade e para o cumprimento dos seus fins, con autonomía orgánica e funcional e plena independencia do Goberno, das administracións públicas e dos axentes do mercado. Así mesmo, está sometida ao control parlamentario e xudicial.

2. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia rexerase polo disposto nesta lei, na Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, e na lexislación especial dos mercados e sectores sometidos á súa supervisión a que fan referencia os artigos 6 a 11 desta lei e, supletoriamente, pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; pola Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, de acordo co previsto na súa disposición adicional décima; pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e polo resto do ordenamento xurídico.

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia terá a súa sede principal en Madrid. O real decreto polo cal se aprobe o seu estatuto orgánico poderá prever a existencia doutras sedes.

4. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia está adscrita ao Ministerio de Economía e Competitividade, sen prexuízo da súa relación cos ministerios competentes por razón da materia no exercicio das funcións a que se refiren os artigos 5 a 12 desta lei.

Artigo 3. Independencia funcional e relación coas entidades públicas e privadas.

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia actuará, no desenvolvemento da súa actividade e para o cumprimento dos seus fins, con independencia de calquera interese empresarial ou comercial.

2. No desempeño das funcións que lle asigna a lexislación, e sen prexuízo da colaboración con outros órganos e das facultades de dirección da política xeral do Goberno exercidas a través da súa capacidade normativa, nin o persoal nin os membros dos órganos da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderán solicitar ou aceptar instrucións de ningunha entidade pública ou privada.

Artigo 4. Coordinación e cooperación institucional.

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia velará pola aplicación uniforme da normativa sectorial e xeral de competencia en todo o territorio mediante a coordinación cos órganos competentes das comunidades autónomas e a cooperación coa Administración xeral do Estado e cos órganos xurisdiccionais.

2. Así mesmo, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia manterá unha colaboración regular e periódica coas institucións e organismos da Unión Europea, en especial coa Comisión Europea e coas autoridades competentes e organismos doutros Estados membros, fomentando a coordinación das actuacións respectivas nos termos previstos na lexislación aplicable. En particular, fomentará a colaboración e cooperación coa Axencia de Cooperación dos Reguladores da Enerxía e co Organismo de Reguladores Europeos das Comunicacións Electrónicas.

CAPÍTULO II

Funcións

Artigo 5. *Funcións da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia de carácter xeral e para preservar e promover a competencia efectiva en todos os mercados e sectores produtivos.*

1. Para garantir, preservar e promover o correcto funcionamento, a transparencia e a existencia dunha competencia efectiva en todos os mercados e sectores produtivos, en beneficio dos consumidores e usuarios, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia realizará as seguintes funcións:

- a) Supervisión e control de todos os mercados e sectores económicos.
- b) Realizar as funcións de arbitraje, tanto de dereito como de equidade, que lle sexan sometidas polos operadores económicos en aplicación da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, así como aquelas que lle encomenden as leis, sen prexuízo das competencias que correspondan aos órganos competentes das comunidades autónomas nos seus ámbitos respectivos.
O exercicio desta función arbitral non terá carácter público. O procedemento arbitral regularase mediante real decreto e axustarase aos principios esenciais de audiencia, liberdade de proba, contradición e igualdade.
- c) Aplicar o disposto na Lei 15/2007, do 3 de xullo, en materia de condutas que supoñan impedir, restrinxir e falsear a competencia, sen prexuízo das competencias que correspondan aos órganos autonómicos de defensa da competencia no seu ámbito respectivo e das propias da xurisdición competente.
- d) Aplicar o disposto na Lei 15/2007, do 3 de xullo, en materia de control de concentracións económicas.
- e) Aplicar o disposto na Lei 15/2007, do 3 de xullo, en materia de axudas públicas.
- f) Aplicar en España os artigos 101 e 102 do Tratado de funcionamento da Unión Europea e o seu dereito derivado, sen prexuízo das competencias que correspondan no ámbito da xurisdición competente.
- g) Adoptar medidas e decisións para aplicar os mecanismos de cooperación e asignación de expedientes coa Comisión Europea e outras comisións nacionais de competencia dos Estados membros previstos na normativa comunitaria e, en particular, no Regulamento (CE) n.º 1/2003 do Consello, do 16 de decembro de 2002, relativo á aplicación das normas sobre competencia previstas nos artigos 81 e 82 do Tratado da Comunidade Europea (actuais artigos 101 e 102 do Tratado de funcionamento da Unión Europea), e no Regulamento (CE) n.º 139/2004 do Consello, do 20 de xaneiro de 2004, sobre o control das concentracións entre empresas e as súas normas de desenvolvemento.
- h) Promover e realizar estudos e traballos de investigación en materia de competencia, así como informes xerais sobre sectores económicos.
- i) Realizar calquera outra función que lle sexa atribuída por lei ou por real decreto.

2. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia actuará como órgano consultivo sobre cuestións relativas ao mantemento da competencia efectiva e bo funcionamento dos mercados e sectores económicos. En particular, poderá ser consultada polas cámaras legislativas, o Goberno, os departamentos ministeriais, as comunidades autónomas, as corporacións locais, os colexios profesionais, as cámaras de comercio e as organizacións empresariais e de consumidores e usuarios. En exercicio desta función, levará a cabo as seguintes actuacións:

- a) Participar, mediante informe, no proceso de elaboración de normas que afecten o seu ámbito de competencias nos sectores sometidos á súa supervisión, á normativa de defensa da competencia e ao seu réxime xurídico.
- b) Informar sobre os criterios para a cuantificación das indemnizacións que os autores das condutas previstas nos artigos 1, 2 e 3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, deban

satisfacer aos denunciante e a terceiros que resultasen prexudicados como consecuencia daquelas, cando lle sexa requirido polo órgano xudicial competente.

c) Informar sobre todas as cuestións a que se refire o artigo 16 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, e o Regulamento (CE) n.º 1/2003 do Consello, do 16 de decembro de 2002, relativo á aplicación das normas sobre competencia previstas nos artigos 101 e 102 do Tratado de funcionamento da Unión Europea en canto aos mecanismos de cooperación cos órganos xurisdiccionais nacionais.

d) Calquera outra cuestión sobre a cal deba informar, de acordo co previsto na normativa vixente.

3. Sen prexuízo do disposto nos números 1 e 2, nos mercados de comunicacións electrónicas e comunicación audiovisual, no sector eléctrico e no sector de gas natural, no sector ferroviario, en materia de tarifas aeroportuarias e o mercado postal, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia observará o disposto nos artigos 6 a 11 desta lei.

4. En cumprimento das súas funcións, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia está lexitimada para impugnar ante a xurisdición competente os actos das administracións públicas suxeitos ao dereito administrativo e disposicións xerais de rango inferior á lei de que deriven obstáculos ao mantemento dunha competencia efectiva nos mercados.

5. Para o exercicio das súas funcións, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia disporá, de conformidade co establecido polo capítulo IV desta lei en materia orzamentaria, de recursos financeiros e humanos adecuados, incluídos os necesarios para participar activamente nas actividades da Axencia de Cooperación dos Reguladores da Enerxía e do Organismo de Reguladores Europeos das Comunicacións Electrónicas e contribuír a elas.

Artigo 6. *Supervisión e control do mercado de comunicacións electrónicas.*

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia supervisará e controlará o correcto funcionamento dos mercados de comunicacións electrónicas. En particular, exercerá as seguintes funcións:

1. Definir e analizar os mercados de referencia relativos a redes e servizos de comunicacións electrónicas, entre os cales se incluírán os correspondentes mercados de referencia por xunto e polo miúdo, e o seu ámbito xeográfico, cuxas características poden xustificar a imposición de obrigas específicas, nos termos establecidos na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, e a súa normativa de desenvolvemento.

2. Identificar o operador ou operadores que posúen un poder significativo no mercado cando da análise dos mercados de referencia se constate que non se desenvolven nun contorno de competencia efectiva.

3. Establecer, cando proceda, as obrigas específicas que correspondan aos operadores con poder significativo en mercados de referencia, nos termos establecidos na Lei 32/2003, do 3 de novembro, e a súa normativa de desenvolvemento.

4. Resolver os conflitos nos mercados de comunicacións electrónicas a que se refire o artigo 12.1.a) da presente lei.

5. Realizar as funcións atribuídas pola Lei 32/2003, do 3 de novembro, e a súa normativa de desenvolvemento.

6. Realizar calquera outra función que lle sexa atribuída por lei ou por real decreto.

Artigo 7. *Supervisión e control no sector eléctrico e no sector do gas natural.*

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia supervisará e controlará o correcto funcionamento do sector eléctrico e do sector do gas natural. En particular, exercerá as seguintes funcións:

1. Establecer mediante circulares, ditadas de conformidade co artigo 30 desta lei, logo do trámite de audiencia e con criterios de eficiencia económica, transparencia, obxectividade e non discriminación:

a) A metodoloxía para o cálculo da parte das peaxes de acceso ás redes de electricidade correspondentes aos custos de transporte e distribución, que se establecen no artigo 17.1 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, de acordo co marco tarifario e retributivo establecido na dita lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Para estes efectos, entenderase como metodoloxía de cálculo das peaxes a asignación eficiente dos custos de transporte e distribución aos consumidores e xeradores.

b) A metodoloxía relativa ao acceso ás infraestruturas transfronteirizas, incluídos os procedementos para asignar capacidade e xestionar a conxestión, de acordo co marco normativo de acceso ás infraestruturas e de funcionamento do mercado de produción de enerxía eléctrica e aos criterios que se determinen regulamentariamente.

c) As metodoloxías relativas á prestación de servizos de equilibrio entre sistemas xestionados por distintos operadores do sistema, que desde o punto de vista de menor custo, de maneira xusta e non discriminatoria, proporcionen incentivos adecuados para que os usuarios da rede equilibren a súa produción e consumo, de acordo co marco normativo para o correcto funcionamento do sistema eléctrico.

d) A metodoloxía para o cálculo das peaxes e canons dos servizos básicos de acceso ás instalacións gasistas: transporte e distribución, regasificación, almacenamento e carga de cisternas, dentro do marco tarifario e retributivo definido na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e na súa normativa de desenvolvemento.

e) A metodoloxía relativa á prestación de servizos de balance de forma que proporcionen incentivos adecuados para que os usuarios da rede equilibren as súas entradas e saídas do sistema gasista dentro do marco normativo de acceso e funcionamento do sistema definido na Lei 34/1998, do 7 de outubro, e na súa normativa de desenvolvemento.

f) A metodoloxía relativa ao acceso ás infraestruturas transfronteirizas, incluídos os procedementos para asignar capacidade e xestionar a conxestión, dentro do marco normativo de acceso e funcionamento do sistema definido na Lei 34/1998, do 7 de outubro, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. Supervisar a xestión e asignación de capacidade de interconexión, o tempo utilizado polos transportistas e as empresas de distribución en efectuar conexións e reparacións, así como os mecanismos destinados a solucionar a conxestión da capacidade nas redes.

Para estes efectos, velará pola adecuada publicación da información necesaria por parte dos xestores de rede de transporte e, se é o caso, de distribución, sobre as interconexións, a utilización da rede e a asignación de capacidades ás partes interesadas.

3. Supervisar e, se é o caso, certificar, a separación das actividades de transporte, regasificación, distribución, almacenamento e fornecemento no sector do gas, e das actividades de xeración, transporte, distribución e fornecemento no sector eléctrico e, en particular, a súa separación funcional e a separación efectiva de contas con obxecto de evitar subvencións cruzadas entre as ditas actividades.

4. Velar polo cumprimento da normativa e procedementos que se establezan relacionados cos cambios de subministrador.

5. No sector do gas natural, supervisar as condicións de acceso ao almacenamento, incluíndo o almacenamento subterráneo, tanques de gas natural licuado (GNL) e gas almacenado nos gasodutos, así como outros servizos auxiliares. Así mesmo, supervisar o cumprimento por parte dos propietarios dos requisitos que se establezan para os almacenamentos non básicos de gas natural.

6. Supervisar as condicións e tarifas de conexión aplicables aos novos produtores de electricidade.

7. Supervisar os plans de investimento dos xestores de rede de transporte, en particular no que se refire á súa adecuación ao plan de desenvolvemento da rede no ámbito da Unión Europea. Poderá realizar recomendacións para a súa modificación.

8. Velar polo respecto á liberdade contractual respecto dos contratos de fornecemento interrompible e dos contratos a longo prazo sempre que sexan compatibles coa lexislación vixente e co dereito da Unión Europea.

9. Velar polo cumprimento das normas de seguridade e fiabilidade das redes.

10. Velar polo cumprimento, por parte dos transportistas e distribuidores e, se é o caso, por parte dos propietarios das redes e dos xestores de redes de transporte e distribución, das obrigas impostas na normativa aplicable, incluíndo as cuestións transfronteirizas. Así mesmo, velará pola correcta aplicación, por parte dos suxeitos que actúen nos mercados de gas e electricidade, do disposto nas disposicións normativas da Unión Europea.

11. Supervisar a adecuación dos prezos e condicións de fornecemento aos consumidores finais ao disposto na Lei 34/1998, do 7 de outubro, e na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e ás súas normativas de desenvolvemento, e publicar recomendacións, polo menos anualmente, para a adecuación dos prezos dos fornecementos ás obrigas de servizo público e á protección dos consumidores.

12. Asegurar o acceso dos clientes aos datos do seu consumo, en formato comprensible, harmonizado e de forma rápida.

13. Determinar os suxeitos a cuxa actuación sexan imputables deficiencias no fornecemento aos usuarios e propoñer as medidas que haxa que adoptar.

14. Garantir a transparencia e competencia no sector eléctrico e no sector do gas natural, incluíndo o nivel dos prezos por xunto, e velar por que as empresas de gas e electricidade cumpran as obrigas de transparencia.

15. Supervisar o grao e a efectividade da apertura do mercado e de competencia, tanto no mercado grosista coma no retalista, incluídas, entre outras, as reclamacións presentadas polos consumidores de enerxía eléctrica e de gas natural, e as poxas reguladas de contratación a prazo de enerxía eléctrica.

Para estes efectos, poderá tomar en consideración a información remitida polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo á cal se fai referencia na disposición adicional oitava.

16. Supervisar os investimentos en capacidade de xeración que permita garantir a seguridade do fornecemento.

17. Supervisar a relación entre o xestor de rede independente e o propietario das instalacións, actuar como órgano de resolución de conflitos entre ambos, así como aprobar os investimentos do xestor de rede independente.

18. Supervisar a cooperación técnica entre os xestores das redes de transporte de enerxía eléctrica e gas e os xestores de terceiros países.

19. Supervisar as medidas adoptadas polos xestores da rede de distribución para garantir a exclusión de condutas discriminatorias.

20. Contribuír á compatibilidade dos sistemas de intercambio de datos nos procesos de mercado a escala rexional.

21. Determinar con carácter anual os operadores principais e dominantes, así como o resto de funcións relativas aos ditos operadores, de acordo co disposto no Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos.

22. En relación co déficit das actividades reguladas e os seus mecanismos de financiamento, manter e proporcionar a información que se determine, emitir os informes, declaracións, certificacións e comunicacións que lle sexan requiridos, e realizar os cálculos necesarios en coordinación co Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, así como asesorar tecnicamente a Comisión Interministerial do Fondo de Titulización do Déficit de Tarifa do Sistema Eléctrico conforme o disposto na disposición adicional vixésimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, e a normativa que desenvolve a regulación do proceso de xestión e titulización dos déficits do sistema eléctrico.

23. Xestionar o sistema de garantía de orixe da electricidade procedente de fontes de enerxía renovables e de coxeración de alta eficiencia.

24. Publicar os prezos finais do mercado de electricidade, a partir da información do operador do mercado e do operador do sistema.

25. En materia de protección ao consumidor, xestionar o sistema de comparación dos prezos do fornecemento de electricidade e gas natural sobre a base das ofertas que realicen as empresas comercializadoras, así como a elaboración de informes que conteñan a comparación e evolución dos prezos do fornecemento de electricidade e gas e dos mercados retalistas.

26. Actuar como organismo supervisor das poxas para a adquisición de gas natural para a fixación da tarifa de último recurso, o gas talón de tanques e gasodutos e o gas colchón de almacenamentos subterráneos, así como da capacidade dos almacenamentos básicos, cando a normativa na materia así o dispoña.

27. Elaborar os modelos normalizados de solicitude formal de acceso ás instalacións do sistema gasista e de contratos de acceso, que propondrá á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas para a súa aprobación ou modificación.

28. Elaborar os modelos normalizados para a publicación da capacidade contratada e dispoñible, así como a metodoloxía para a súa determinación, que propondrá á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas para a súa aprobación ou modificación.

29. Aprobar o contrato entre o propietario das instalacións e o xestor de rede independente, en que se detallen as condicións contractuais así como as responsabilidades de cada un.

30. Tramitar expedientes de exención de acceso de terceiros ás instalacións gasistas.

31. Emitir o preceptivo informe e proposta nas autorizacións para exercer a comercialización de gas natural nos casos previstos no artigo 80 da Lei 34/1998, do 7 de outubro.

32. Inspeccionar o cumprimento dos requisitos dos comercializadores de gas natural e de enerxía eléctrica, así como dos xestores de cargas e consumidores directos en mercado.

33. Calcular anualmente o saldo de diminucións de cada rede de transporte.

34. Emitir informe nos expedientes de autorización, modificación ou peche de instalacións, no proceso de planificación enerxética, en expedientes de aprobación ou autorización de réximes económicos ou retributivos (sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, distribución, transporte, instalacións singulares, entre outros), en materia de calidade de fornecemento e de perdas, así como cando sexa requirido en materia de medidas eléctricas, de acordo co disposto na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, en relación coas actividades de transporte e distribución, emitirá informe sobre as propostas da retribución das actividades.

35. Emitir informe sobre os expedientes de autorización, modificación, transmisión ou peche de instalacións da rede básica de gas natural, así como nos procedementos para a súa adxudicación. Emitir informes en relación coas condicións de calidade de fornecemento e calidade de servizo, así como coas consecuencias do seu incumprimento, sobre as normas de xestión técnica do sistema e os seus protocolos de detalle, custos de retribución de instalacións e nos procesos de planificación de instalacións de acordo co disposto na Lei 34/1998, do 7 de outubro, e a súa normativa de desenvolvemento.

36. Ditar as circulares de desenvolvemento e execución das normas contidas nos reais decretos e ordes do ministro de Industria, Enerxía e Turismo que a habiliten para isto e que se diten en desenvolvemento da normativa enerxética.

37. Realizar calquera outra función que lle sexa atribuída por lei ou por real decreto.

Artigo 8. *Supervisión e control do mercado postal.*

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia supervisará e controlará o correcto funcionamento do mercado postal. En particular, exercerá as seguintes funcións:

1. Velar para que se garanta o servizo postal universal, en cumprimento da normativa postal e a libre competencia no sector, exercendo as funcións e competencias que lle atribúe a lexislación vixente, sen prexuízo do indicado na disposición adicional décimo primeira desta lei.
2. Verificar a contabilidade analítica do operador designado e o custo neto do servizo postal universal e determinar a contía da carga financeira inxusta da prestación do dito servizo, de conformidade co establecido no capítulo III do título III da Lei 43/2010, do 30 de decembro, do servizo postal universal, dos dereitos dos usuarios e do mercado postal, así como na súa normativa de desenvolvemento.
3. Xestionar o fondo de financiamento do servizo postal universal e as prestacións de carácter público afectas ao seu financiamento, de conformidade co establecido no capítulo III do título III da Lei 43/2010, do 30 de decembro, e na súa normativa de desenvolvemento.
4. Supervisar e controlar a aplicación da normativa vixente en materia de acceso á rede e a outras infraestruturas e servizos postais, de conformidade co establecido no título V da Lei 43/2010, do 30 de decembro, así como na súa normativa de desenvolvemento.
5. Realizar o control e a medición das condicións de prestación do servizo postal universal, de conformidade co establecido no capítulo II do título III da Lei 43/2010, do 30 de decembro, así como na súa normativa de desenvolvemento.
6. Xestionar e controlar a utilización do censo promocional conforme o definido no artigo 31 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, conforme o que se determine regulamentariamente.
7. Ditar circulares para as entidades que operen no sector postal, que serán vinculantes unha vez publicadas no «Boletín Oficial del Estado».
8. Emitir o informe previsto na disposición adicional segunda da Lei 43/2010, do 30 de decembro, para o seguimento das condicións de prestación do servizo postal universal.
9. Realizar calquera outra función que lle sexa atribuída por lei ou por real decreto.

Artigo 9. Supervisión e control en materia de mercado de comunicación audiovisual.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia supervisará e controlará o correcto funcionamento do mercado de comunicación audiovisual. En particular, exercerá as seguintes funcións:

1. Controlar o cumprimento polos prestadores do servizo de comunicación televisiva de cobertura estatal, e polos demais prestadores aos cales lles sexa de aplicación, das obrigas relativas á emisión anual de obras europeas e ao financiamento anticipado da produción deste tipo de obras nos termos do disposto no artigo 5 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.
2. Controlar o cumprimento das obrigas impostas para garantir a transparencia nas comunicacións audiovisuais, conforme o disposto no artigo 6 da Lei 7/2010, do 31 de marzo.
3. Controlar o cumprimento das obrigas impostas para facer efectivos os dereitos do menor e das persoas con discapacidade, conforme o establecido nos artigos 7 e 8 da Lei 7/2010, do 31 de marzo. No exercicio desta función, a comisión coordinarase co departamento ministerial competente en materia de xogo respecto ás súas competencias en materia de publicidade, patrocinio e promoción das actividades de xogo, para efectos de facer efectivos os dereitos do menor e das persoas con discapacidade.
4. Supervisar a adecuación dos contidos audiovisuais co ordenamento vixente e os códigos de autorregulación, nos termos establecidos no artigo 9 da Lei 7/2010, do 31 de marzo.
5. Velar polo cumprimento dos códigos de autorregulación sobre contidos audiovisuais verificando a súa conformidade coa normativa vixente, nos termos establecidos no artigo 12 da Lei 7/2010, do 31 de marzo.

6. Controlar o cumprimento das obrigas, as prohibicións e os límites ao exercicio do dereito a realizar comunicacións comerciais audiovisuais impostos polos artigos 13 a 18 da Lei 7/2010, do 31 de marzo.

7. Controlar o cumprimento das obrigas e os límites impostos para a contratación en exclusiva de contidos audiovisuais, a emisión de contidos incluídos no catálogo de acontecementos de interese xeral e a compravenda dos dereitos exclusivos nas competicións futbolísticas españolas regulares, nos termos previstos nos artigos 19 a 21 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, sen prexuízo do establecido na disposición adicional décimo segunda desta lei.

8. Vixiar o cumprimento da misión de servizo público encomendada aos prestadores do servizo público de comunicación audiovisual de ámbito estatal, así como a adecuación dos recursos públicos asignados para isto, de acordo co disposto no título IV da Lei 7/2010, do 31 de marzo.

9. Garantir a liberdade de recepción en territorio español de servizos audiovisuais cuxos titulares se encontren establecidos nun Estado membro da Unión Europea, adoptando as medidas previstas no artigo 38 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, cando estes servizos infrinxan de maneira grave e reiterada a lexislación en materia de protección dos menores fronte á programación audiovisual ou conteñan incitacións ao odio por razón de raza, sexo, relixión ou nacionalidade.

10. Adoptar as medidas de salvagarda da lexislación española cando o prestador dun servizo de comunicación audiovisual televisiva establecido noutro Estado membro da Unión Europea dirixa o seu servizo total ou principalmente ao territorio español e se establece nese Estado membro para eludir as normas españolas máis estritas, de acordo co procedemento previsto no artigo 39 da Lei 7/2010, do 31 de marzo.

11. Resolver sobre o carácter non publicitario dos anuncios de servizo público ou de carácter benéfico, logo de solicitude dos interesados, de conformidade co establecido na disposición adicional sétima da Lei 7/2010, do 31 de marzo.

12. Realizar calquera outra función que lle sexa atribuída por lei ou por real decreto.

Artigo 10. *Supervisión e control en materia de tarifas aeroportuarias.*

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia exercerá as seguintes funcións en materia de tarifas aeroportuarias:

1. Supervisar o cumprimento do procedemento de transparencia e consulta levado a cabo polo xestor aeroportuario, conforme o disposto nos artigos 98 e 102 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, e declarar a inadmisión da proposta da entidade xestora do aeroporto ou a inaplicación das modificacións tarifarias establecidas pola entidade xestora do aeroporto, segundo proceda, cando a proposta ou as modificacións tarifarias se realizasen prescindindo do dito procedemento.

2. Supervisar que as propostas de modificación ou actualización das tarifas aeroportuarias presentadas polo xestor aeroportuario se axustan ao previsto no artigo 101 da Lei 21/2003, do 7 de xullo.

3. Realizar calquera outra función que lle sexa atribuída por lei ou por real decreto.

Artigo 11. *Supervisión e control no sector ferroviario.*

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia supervisará e controlará o correcto funcionamento do sector ferroviario. En particular, exercerá as seguintes funcións:

1. Salvagardar a pluralidade da oferta na prestación dos servizos sobre a rede ferroviaria de interese xeral e as súas zonas de servizo ferroviario, así como velar por que estes sexan prestados en condicións obxectivas, transparentes e non discriminatorias.

2. Garantir a igualdade entre empresas, así como entre calquera candidato nas condicións de acceso ao mercado dos servizos ferroviarios.

3. Supervisar as negociacións entre empresas ferroviarias ou candidatos e administradores de infraestruturas sobre os canons e tarifas e intervir nestas cando preveña que o resultado das ditas negociacións pode contravir as disposicións vixentes.

4. Velar por que os canons e tarifas ferroviarios cumpran o disposto na Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, e non sexan discriminatorios.

5. Determinar, por pedimento das autoridades competentes ou das empresas ferroviarias ou candidatos interesados, que o obxecto principal dun servizo internacional de transporte ferroviario de viaxeiros é transportar viaxeiros entre estacións españolas e as doutros Estados membros da Unión Europea.

6. Determinar se o equilibrio económico dos contratos de servizo público ferroviario se pode ver comprometido cando as estacións españolas en que se pretende tomar e deixar viaxeiros estean afectadas pola realización do servizo internacional de transporte ferroviario de viaxeiros.

7. Emitir informe sobre as propostas de resolución, cando así o solicite o Ministerio de Fomento, nos procedementos de outorgamento de autorizacións para a prestación de servizos de transporte ferroviario declarados de interese público.

8. Realizar calquera outra función que lle sexa atribuída por lei ou por real decreto.

Artigo 12. *Resolución de conflitos.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia resolverá os conflitos que lle sexan suscitados polos operadores económicos nos seguintes casos:

a) Nos mercados de comunicacións electrónicas, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia resolverá os conflitos que se susciten en relación coas obrigas existentes en virtude da Lei 32/2003, do 3 de novembro, e a súa normativa de desenvolvemento, entre operadores ou entre operadores e outras entidades que, de conformidade co establecido na citada lei, se beneficien das obrigas de acceso e interconexión, de acordo coa definición que se dá aos conceptos de acceso e interconexión no anexo II da dita lei. En particular, resolverá:

1.º Os conflitos en materia de acceso, interconexión e interoperabilidade derivados de obrigas que, se é o caso, resulten das actuacións a que se refiren os números 3 e 4 do artigo 11 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, así como das obrigas específicas a que se refire o artigo 13 da dita lei.

2.º Os conflitos entre operadores en relación coa forma de sufragar os custos que produza a conservación dos números telefónicos a que se refire o artigo 18 da Lei 32/2003, do 3 de novembro.

3.º Os conflitos entre operadores en relación coas condicións de uso compartido a que se refire o artigo 30 da Lei 32/2003, do 3 de novembro.

4.º Os conflitos que se produzan entre prestadores de servizos de consulta telefónica e operadores de redes públicas telefónicas fixas, de acordo coa Orde CTE/711/2002, do 26 de marzo, pola que se establecen as condicións de prestación do servizo de consulta telefónica sobre números de abonado.

5.º Os conflitos que xurdan sobre as condicións en que se ofertará o servizo grosista de acceso a bandas de frecuencias, de conformidade co artigo 4.6 do Real decreto 458/2011, do 1 de abril, sobre actuacións en materia de espectro radioeléctrico para o desenvolvemento da sociedade dixital.

6.º Os conflitos en materia de itinerancia.

7.º Os conflitos transfronteirizos entre prestadores de redes ou servizos de comunicacións electrónicas en que unha das partes estea radicada noutro Estado membro da Unión Europea, a que se refire o artigo 14.2 da Lei 32/2003, do 3 de novembro.

8.º Os conflitos que sobre a xestión do múltiple dixital xurdan entre os prestadores dos servizos de comunicación audiovisual.

b) Nos mercados da electricidade e do gas, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia resolverá os seguintes conflitos:

1.º Conflitos que lle sexan suscitados respecto aos contratos relativos ao acceso de terceiros ás redes de transporte e, se é o caso, distribución, nos termos que regulamentariamente se establezan.

2.º Conflitos que lle sexan suscitados en relación coa xestión económica e técnica do sistema e o transporte, incluíndo as conexións entre instalacións.

c) En materia de tarifas aeroportuarias, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia resolverá os recursos fronte ás decisións das sociedades concesionarias de servizos aeroportuarios relativas á modificación do sistema ou nivel das súas tarifas aeroportuarias, que interpoñan as asociacións ou organizacións representativas de compañías usuarias do aeroporto, ou, nos termos en que se desenvolva regulamentariamente, os que poidan suscitar individualmente as compañías usuarias do aeroporto. Esta resolución incluírá a modificación tarifaria revisada que proceda, que substituirá o contido da decisión do concesionario e, se é o caso, os estándares que se correspondan cos indicadores e niveis de calidade de servizo que considere aceptables e consistentes coa modificación tarifaria revisada.

Neste procedemento a Comisión verificará que a decisión da sociedade concesionaria de servizos aeroportuarios se produciu conforme o procedemento establecido no artigo 102 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, se axusta aos requisitos establecidos no artigo 103.1 da dita lei, e responde aos principios de non discriminación, obxectividade, eficiencia, transparencia, recuperación de custos e máxima flexibilidade para a fixación das tarifas dentro dos límites que impoña a modificación tarifaria revisada.

No establecemento da modificación tarifaria revisada, a Comisión intentará evitar flutuacións excesivas das tarifas aeroportuarias, sempre e cando sexa compatible co resto de principios dos parágrafos anteriores.

No suposto de se apreciaren irregularidades no procedemento de consulta e transparencia previsto no artigo 102 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, que non dean lugar a unha revisión da modificación tarifaria, poderanse formular recomendacións sobre as medidas que se deben adoptar en futuras consultas, incluída a necesidade de amplialas ás compañías non representadas por asociacións ou organizacións representativas.

d) No mercado postal, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia resolverá sobre:

1.º Conflitos, de conformidade co establecido no artigo 48 da Lei 43/2010, do 30 de decembro, entre o operador designado para prestar o servizo postal universal e outros operadores postais que prestan servizos no ámbito do servizo postal universal respecto ao acceso á rede postal e a outros elementos de infraestrutura e servizos postais.

2.º Establecemento, de conformidade co previsto no artigo 45.3 da Lei 43/2010, do 30 de decembro, por pedimento do operador interesado, das condicións de acceso á rede postal se as negociacións entre titulares de autorizacións singulares e o operador designado non conclúsen na celebración dun contrato.

3.º Conflitos, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 43/2010, do 30 de decembro, que se susciten entre operadores postais non designados para a prestación do servizo postal universal.

e) No mercado de comunicación audiovisual, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia resolverá os seguintes conflitos:

1.º Os conflitos que se susciten entre os axentes intervinientes nos mercados de comunicación audiovisual sobre materias en que a Comisión teña atribuída competencia.

2.º Os conflitos que se susciten en relación coa cesión de canles de radio e televisión a que se refire o artigo 31 da Lei 7/2010, do 31 de marzo.

3.º Os conflitos que se susciten en relación co acceso a estadios e recintos deportivos polos prestadores de servizos de comunicación audiovisual radiofónica a que se refire o artigo 19.4 da Lei 7/2010, do 31 de marzo.

f) No sector ferroviario, correspóndelle á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia coñecer e resolver as reclamacións que presenten as empresas ferroviarias e os restantes candidatos en relación coa actuación do administrador de infraestruturas ferroviarias, as empresas ferroviarias e os restantes candidatos, que versen sobre:

1.º O outorgamento e uso do certificado de seguridade e o cumprimento das obrigas que este comporte.

2.º A aplicación dos criterios contidos nas declaracións sobre a rede.

3.º Os procedementos de adxudicación de capacidade e os seus resultados.

4.º A contía, a estrutura ou a aplicación dos canons e tarifas que se lles exixan ou se lles poidan exixir.

5.º Calquera trato discriminatorio no acceso ás infraestruturas ou aos servizos ligados a estas que se produza por actos levados a cabo por outras empresas ferroviarias ou candidatos.

6.º A prestación de servizos nos corredores ferroviarios internacionais de transporte de mercadorías.

As reclamacións deberanse presentar no prazo dun mes desde que se produza o feito ou a decisión correspondente.

2. Na resolución dos conflitos a que fai referencia o punto anterior, a Comisión resolverá acerca de calquera denuncia e adoptará, por pedimento de calquera das partes, unha resolución para resolver o litixio o antes posible e, en todo caso, nun prazo de tres meses desde a recepción de toda a información.

A resolución que dite a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia nos casos previstos no punto anterior será vinculante para as partes, sen prexuízo dos recursos que procedan de acordo co disposto no artigo 36 desta lei.

CAPÍTULO III

Organización e funcionamento

Artigo 13. *Órganos de goberno.*

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia exercerá as súas funcións a través dos seguintes órganos de goberno:

a) O Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

b) O presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, que o será tamén do seu Consello.

Artigo 14. *O Consello.*

1. O Consello é o órgano colexiado de decisión en relación coas funcións resolutorias, consultivas, de promoción da competencia e de arbitraje e de resolución de conflitos atribuídas á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, sen prexuízo das delegacións que poida acordar.

En todo caso, son facultades indelegables do Consello a aprobación do anteproxecto de orzamentos do organismo, da súa memoria anual e dos seus plans anuais ou plurianuais de actuación en que se definan os seus obxectivos e as súas prioridades, a aprobación do Regulamento de funcionamento interno, o nomeamento do persoal directivo, a impugnación de actos e disposicións a que se refire o artigo 5.4 desta lei e, se é o caso, a potestade de ditar circulares e comunicacións de carácter xeral aos axentes do mercado obxecto de regulación ou supervisión en cada caso.

2. O Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia está integrado por dez membros.

3. Ás reunións do Consello poderá asistir, con voz pero sen voto, o persoal directivo da Comisión e calquera integrante do persoal non directivo que determine o presidente, de acordo cos criterios xerais que para tal efecto acorde o Consello. Non poderán asistir ás reunións do Consello os membros do Goberno nin os altos cargos das administracións públicas.

Artigo 15. *Nomeamento e mandato dos membros do Consello.*

1. Os membros do Consello, e entre eles o presidente e o vicepresidente, serán nomeados polo Goberno, mediante real decreto, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, entre persoas de recoñecido prestixio e competencia profesional no ámbito de actuación da Comisión, logo de comparecencia da persoa proposta para o cargo ante a comisión correspondente do Congreso dos Deputados. O Congreso, a través da comisión competente e por acordo adoptado por maioría absoluta, poderá vetar o nomeamento do candidato proposto no prazo dun mes natural contado desde a recepción da correspondente comunicación. Transcorrido o dito prazo sen manifestación expresa do Congreso, entenderanse aceptados os correspondentes nomeamentos.

2. O mandato dos membros do Consello será de seis anos sen posibilidade de reelección. A renovación dos membros do Consello farase parcialmente cada dous anos, de modo que ningún membro do Consello permaneza no seu cargo por tempo superior a seis anos.

Artigo 16. *Funcionamento do Consello.*

1. O Consello actúa en pleno ou en sala. A asistencia dos membros do Consello ás reunións do Consello é obrigatoria, salvo casos debidamente xustificadas.

Os acordos adoptaranse por maioría de votos dos asistentes. En caso de empate, decidirá o voto de quen presida a reunión.

2. Por proposta do presidente, o Consello en pleno elixirá un secretario non conselleiro, que deberá ser licenciado en Dereito ou titulación que o substitúa, e funcionario de carreira pertencente a un corpo do subgrupo A1, ao servizo da Administración xeral do Estado, que terá voz pero non voto, ao cal corresponderá asesorar o Consello en dereito, emitir informe sobre a legalidade dos asuntos sometidos á súa consideración, así como as funcións propias da secretaría dos órganos colexiados. O servizo xurídico do organismo dependerá da Secretaría do Consello.

3. O réxime de funcionamento do Consello en pleno e salas desenvolverase no regulamento de funcionamento interno, que será aprobado polo Pleno segundo o disposto no artigo 26.4.

Artigo 17. *O Pleno do Consello.*

1. O Consello en pleno está integrado por todos os membros do Consello. Presídeo o presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade do presidente, suplirao o vicepresidente ou, no seu defecto, o conselleiro de maior antigüidade e, a igualdade de antigüidade, o de maior idade.

2. O Pleno do Consello entenderase validamente constituído coa asistencia do presidente ou persoa que o substitúa, o secretario e cinco membros do Consello.

Artigo 18. *As salas do Consello.*

1. O Consello consta de dúas salas, unha dedicada a temas de competencia e outra a supervisión regulatoria.

2. Cada unha das salas estará composta por cinco membros do Consello. A Sala de Competencia estará presidida polo presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e a de Supervisión Regulatoria polo vicepresidente. O Consello en pleno

determinará a asignación dos membros do Consello a cada sala e, nos termos establecidos regulamentariamente, aprobará e publicará o réxime de rotación entre salas dos conselleiros, incluíndo os criterios de selección e periodicidade das rotacións. Cando concorran circunstancias excepcionais que o xustifiquen, poderá adoptar outras medidas tendentes a garantir o adecuado funcionamento das salas.

3. A convocatoria das salas corresponde ao seu presidente, por propia iniciativa ou por pedimento de, polo menos, a metade dos conselleiros.

4. As salas do Consello entenderanse validamente constituídas coa asistencia do seu presidente, ou persoa que o substitúa, o secretario do Consello e, polo menos, dous conselleiros.

Artigo 19. *Funcións do presidente.*

1. Correspóndelle ao presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia:

a) Exercer, en xeral, as competencias que aos presidentes dos órganos colexiados administrativos lles atribúe a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) Convocar o Consello en pleno por propia iniciativa ou por pedimento de, polo menos, a metade dos conselleiros, e presidilo.

c) Representar legal e institucionalmente a Comisión.

d) Velar polo adecuado desenvolvemento das actuacións da Comisión, de acordo co ordenamento xurídico.

e) Manter a boa orde e goberno da organización da Comisión.

f) Impulsar a actuación da Comisión e o cumprimento das funcións que teña encomendadas. En particular, a proposta dos plans anuais ou plurianuais de actuación en que se definan os seus obxectivos e prioridades.

g) Exercer funcións de xefatura do persoal da Comisión, de acordo coas competencias atribuídas pola súa lexislación específica.

h) Dirixir, coordinar, avaliar e supervisar as distintas unidades da Comisión, sen prexuízo das funcións do Consello; en particular coordinar, coa asistencia do secretario do Consello, o correcto funcionamento das unidades da Comisión.

i) Dar conta, ao titular do ministerio de adscrición, das vacantes que se produzan no Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

j) Aprobar os actos de execución dos orzamentos da Comisión.

k) Exercer as competencias que lle correspondan na contratación da Comisión.

l) Cantas funcións lle delegue o Consello.

m) Efectuar a rendición de contas da Comisión, de acordo coa Lei 47/2003, do 26 de novembro.

n) Comparecer ante o Parlamento nos termos previstos nesta lei.

o) Presidir o Consello de Defensa da Competencia.

p) Calquera outra que lle atribúa o estatuto a que se refire o artigo 26 ou o Regulamento de funcionamento interno.

2. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o presidente será substituído no exercicio das súas funcións, polo vicepresidente.

Artigo 20. *Funcións do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

O Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia é o órgano de decisión en relación coas funcións resolutorias, consultivas, de promoción da competencia e de arbitraje e de resolución de conflitos previstas nesta lei. En particular, é o órgano competente para:

1. Resolver e ditaminar os asuntos que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ten atribuídos por esta lei e polo resto da lexislación vixente.

2. Resolver os procedementos sancionadores previstos na lexislación sectorial e na Lei 15/2007, do 3 de xullo, e nas súas normas de desenvolvemento cando non correspondan a outros órganos da Administración xeral do Estado.

3. Solicitar ou acordar o envío de expedientes de control de concentracións que entren no ámbito de aplicación da Lei 15/2007, do 3 de xullo, á Comisión Europea, segundo o previsto nos artigos 9 e 22 do Regulamento (CE) n.º 139/2004 do Consello, do 20 de xaneiro, sobre o control das concentracións entre empresas.
4. Acordar o levantamento da obriga de suspensión da execución dunha concentración económica, de conformidade co artigo 9.6 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.
5. Resolver sobre o cumprimento das resolucións e decisións en materia de condutas prohibidas e de concentracións.
6. Adoptar as comunicacións previstas no artigo 30.3 desta lei, así como as declaracións de inaplicabilidade previstas no artigo 6 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.
7. Aprobar as circulares previstas nesta lei.
8. Solicitar a instrución de expedientes.
9. Adoptar os informes a que se refiren as alíneas a), b) e c) do artigo 5.2 desta lei, os informes, estudos e traballos sobre sectores económicos e en materia de competencia e os informes en materia de axudas públicas.
10. Acordar a impugnación dos actos e disposicións a que se refire o artigo 5.4 desta lei.
11. Aprobar o seu regulamento de funcionamento interno, no cal se establecerá o seu funcionamento administrativo e a organización dos seus servizos.
12. Resolver sobre as recusacións e correccións disciplinarias do presidente, vicepresidente e conselleiros, e apreciar a incapacidade e o incumprimento grave das súas funcións.
13. Nomear e acordar o cesamento do persoal directivo, por proposta do presidente do Consello.
14. Nomear e acordar o cesamento do secretario, por proposta do presidente do Consello.
15. Aprobar o anteproxecto de orzamento e formular as contas do organismo.
16. Aprobar a memoria anual do organismo, así como os plans anuais ou plurianuais de actuación nos cales se definan obxectivos e prioridades.

Artigo 21. *Competencias de pleno e salas.*

1. O Pleno do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia coñecerá dos seguintes asuntos:
 - a) Os que, de acordo co disposto polo artigo 14.1 da presente lei, sexan indelegables para o Consello, coa excepción da impugnación de actos e disposicións a que se refire o artigo 5.4.
 - b) Aqueles en que se manifeste unha diverxencia de criterio entre a Sala de Competencia e a de Supervisión regulatoria.
 - c) Os asuntos que pola súa especial incidencia no funcionamento competitivo dos mercados ou actividades sometidos a supervisión solicite para si o Pleno, por maioría de seis votos e por proposta do presidente ou de tres membros do Consello.
2. As salas coñecerán dos asuntos que non estean expresamente atribuídos ao Pleno. Regulamentariamente determinaranse os supostos en que, correspondendo o coñecemento dun asunto a unha das salas, deba emitir informe a outra con carácter preceptivo. En todo caso, deberá emitir informe nos seguintes asuntos:
 - a) A Sala de Competencia, nos procedementos que, previstos nos artigos 6 a 11 desta lei, afecten o grao de apertura, a transparencia, o correcto funcionamento e a existencia dunha competencia efectiva nos mercados.
 - b) A Sala de Supervisión regulatoria, nos procedementos en materia de defensa da competencia previstos polo artigo 5 desta lei que estean relacionados cos sectores aos cales se refiren os artigos 6 a 11.

Artigo 22. Funcións e incompatibilidades dos membros do Consello.

1. Os membros do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia exercerán a súa función con dedicación exclusiva e terán a consideración de altos cargos da Administración xeral do Estado.

2. Os membros do Consello non poderán asumir individualmente funcións executivas ou de dirección de áreas concretas da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia que correspondan ao persoal directivo da Comisión.

3. Os membros do Consello estarán sometidos ao réxime de incompatibilidade de actividades establecido para os altos cargos da Administración xeral do Estado na Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, e nas súas disposicións de desenvolvemento.

4. Durante os dous anos posteriores ao seu cesamento, o presidente, o vicepresidente e os conselleiros non poderán exercer actividade profesional privada ningunha relacionada cos sectores regulados e a actividade da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

En virtude desta limitación, o presidente, o vicepresidente e os conselleiros desta comisión, ao cesaren no seu cargo por renuncia, expiración do termo do seu mandato ou incapacidade permanente para o exercicio das súas funcións, terán dereito a percibir, a partir do mes seguinte a aquel en que se produza o seu cesamento e durante un prazo igual ao que desempeñasen o seu cargo, co límite máximo de dous anos, unha compensación económica mensual igual á doceava parte do oitenta por cento do total de retribucións asignadas ao cargo respectivo no orzamento en vigor durante o prazo indicado.

Non procederá a percepción da dita compensación en caso de desempeño, de forma remunerada, de calquera posto de traballo, cargo ou actividade no sector público ou privado nos termos previstos no artigo 1 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

Artigo 23. Causas de cesamento no exercicio do cargo.

1. Os membros do Consello cesarán no seu cargo:

- a) Por renuncia aceptada polo Goberno.
- b) Por expiración do termo do seu mandato.
- c) Por incompatibilidade sobrevida.
- d) Por ter sido condenado por delito doloso.
- e) Por incapacidade permanente.

f) Mediante separación acordada polo Goberno por incumprimento grave dos deberes do seu cargo ou o incumprimento das obrigas sobre incompatibilidades, conflitos de interese e do deber de reserva. A separación será acordada polo Goberno, con independencia do réxime sancionador que, se é o caso, poida corresponder, logo de instrución de expediente polo titular do Ministerio de Economía e Competitividade.

2. Se durante o período de duración do mandato correspondente a un determinado conselleiro se produce o seu cesamento, o sucesor será nomeado polo tempo que reste ao substituído para a terminación do seu mandato. Se o cesamento se produce unha vez transcorridos catro anos desde o nomeamento, non resultará de aplicación o límite anterior, e o sucesor será nomeado polo período de seis anos previsto con carácter xeral.

3. Continuarán desempeñando o seu cargo en funcións os membros do Consello en que concorran as causas de cesamento establecidas nas alíneas a) e b) do número 1 ata que se publique no «Boletín Oficial del Estado» o real decreto de cesamento correspondente.

Artigo 24. *Obriga de informar e garantías para a actuación imparcial.*

1. O presidente, o vicepresidente, os conselleiros, directivos e empregados, ou os seus representantes, que prestasen servizos profesionais en entidades dun mercado ou sector en que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia exerce a súa supervisión, deberán notificar ao Consello calquera dereito ou facultade, calquera que sexa a súa denominación, a reserva ou recuperación das relacións profesionais, a indemnizacións ou a calquera vantaxe de contido patrimonial. No caso dos membros do Consello, esta circunstancia deberá facerse pública.

2. En aplicación dos principios de independencia e obxectividade, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia garantirá que os seus empregados conten nas súas actuacións e nos procedementos en que interveñan con regras obxectivas, predeterminadas e que delimiten adecuadamente as responsabilidades que lles incumben.

Artigo 25. *Órganos de dirección.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia contará con catro direccións de instrución ás cales lles corresponderá o exercicio das funcións sinaladas neste artigo, ademais daquelas que lles poida delegar o Consello, coa excepción das funcións de desenvolvemento normativo e de resolución e ditame que o dito órgano ten atribuídas de conformidade co artigo 20 desta lei:

a) A Dirección de Competencia, á cal lle corresponderá a instrución dos expedientes relativos ás funcións previstas no artigo 5 desta lei.

b) A Dirección de Telecomunicacións e do Sector Audiovisual, á cal lle corresponderá a instrución dos expedientes relativos ás funcións previstas nos artigos 6, 9 e 12.1.a) e e) desta lei.

c) A Dirección de Enerxía, á cal lle corresponderá a instrución dos expedientes relativos ás funcións previstas nos artigos 7 e 12.1.b) desta lei.

d) A Dirección de Transportes e do Sector Postal, á cal lle corresponderá a instrución dos expedientes relativos ás funcións previstas nos artigos 8, 10, 11 e 12.1.c), d) e f) desta lei.

2. As direccións mencionadas no punto anterior exercerán as súas funcións de instrución con independencia do Consello.

3. Os titulares das direccións de instrución exercerán as súas funcións con dedicación exclusiva e estarán sometidos ao réxime de incompatibilidades de actividades establecido para os altos cargos na Lei 5/2006, do 10 de abril, e nas súas disposicións de desenvolvemento.

O seu réxime de nomeamento e cesamento será o establecido para o persoal directivo, segundo o disposto no artigo 26.3 desta lei.

Artigo 26. *Estatuto orgánico e regulamento de funcionamento interno.*

1. O Goberno aprobará, mediante real decreto, o Estatuto orgánico da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

2. O Estatuto orgánico determinará a distribución de asuntos no Consello entre o pleno e as salas e as funcións e a estrutura interna das direccións de instrución e demais áreas de responsabilidade, calquera que sexa a súa denominación, á fronte das cales se designará o persoal directivo.

3. Corresponde ao persoal directivo a dirección, a organización, o impulso e o cumprimento das funcións encomendadas á área a cuxa fronte se encontre, de acordo coas instrucións emanadas do Consello e do presidente da Comisión, sen prexuízo da debida separación entre as funcións de instrución e resolución en procedementos sancionadores.

O persoal directivo doutras áreas de responsabilidade diferentes ás direccións de instrución, será nomeado e separado polo Pleno do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia por proposta do seu presidente. A selección realizarase mediante convocatoria pública e con procedementos baseados nos principios de igualdade, mérito e capacidade, de acordo co previsto no artigo 13.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e de acordo co establecido no artigo 31.5 desta lei.

4. O Pleno do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará o regulamento de funcionamento interno do organismo, en que se regulará, respectando o disposto no Estatuto orgánico da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, a actuación dos seus órganos, a organización do persoal, o réxime de transparencia e de reserva da información e, en particular, o funcionamento do Consello, incluíndo o réxime de convocatorias e sesións do pleno e das salas e o procedemento interno para a elevación de asuntos para a súa consideración e a súa adopción. A aprobación do regulamento requirirá o voto favorable de, polo menos, seis dos membros do Consello.

CAPÍTULO IV

Réxime de actuación e potestades

Artigo 27. *Facultades de inspección.*

1. O persoal funcionario de carreira da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, debidamente autorizado polo director correspondente, terá a condición de axente da autoridade e poderá realizar cantas inspeccións sexan necesarias nas empresas e asociacións de empresas para a debida aplicación desta lei.

2. O persoal habilitado para tal fin terá as seguintes facultades de inspección:

a) Acceder a calquera local, instalación, terreo e medio de transporte das empresas e asociacións de empresas e ao domicilio particular dos empresarios, administradores e outros membros do persoal das empresas. Así mesmo, poderán controlar os elementos afectos aos servizos ou actividades que os operadores ou os que realicen as actividades a que se refire esta lei, das redes que instalen ou exploten e de cantos documentos están obrigados a posuír ou conservar.

b) Verificar os libros, rexistros e outros documentos relativos á actividade de que se trate, calquera que sexa o seu soporte material, incluídos os programas informáticos e os arquivos magnéticos, ópticos ou de calquera outra clase.

c) Facer ou obter copias ou extractos, en calquera formato, dos ditos libros ou documentos.

d) Reter por un prazo máximo de dez días os libros ou documentos mencionados na alínea b).

e) Precintar todos os locais, libros ou documentos e demais bens da empresa durante o tempo e na medida en que sexa necesario para a inspección.

f) Solicitar a calquera representante ou membro do persoal da empresa ou da asociación de empresas explicacións sobre feitos ou documentos relacionados co obxecto e a finalidade da inspección e gardar constancia das súas respostas.

O exercicio das facultades descritas nas alíneas a) e e) requirirá o consentimento previo expreso do afectado ou, no seu defecto, a correspondente autorización xudicial.

3. As empresas e asociacións de empresas están obrigadas a someterse ás inspeccións que o órgano competente autorízase.

4. Se a empresa ou asociación de empresas se opón a unha inspección ou existe o risco de tal oposición, o órgano competente da Comisión deberá solicitar a correspondente autorización xudicial, cando esta implique restrición de dereitos fundamentais, ao xulgado

do contencioso-administrativo, que resolverá no prazo máximo de 48 horas. As autoridades públicas prestarán a protección e o auxilio necesario ao persoal da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para o exercicio das funcións de inspección.

5. O persoal funcionario de carreira encargado da inspección levantará a acta das súas actuacións. As actas redactadas terán natureza de documentos públicos e farán proba, salvo que se acredite o contrario, dos feitos que motiven a súa formalización.

6. Os datos e as informacións obtidos só poderán ser utilizados pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para as finalidades previstas nesta lei e na Lei 15/2007, do 3 de xullo.

Artigo 28. Requirimentos de información, deber de segredo e acceso aos rexistros estatais.

1. Toda persoa física ou xurídica e os órganos e organismos de calquera Administración pública quedan suxeitos ao deber de colaboración coa Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no exercicio da protección da libre competencia e están obrigados a proporcionar, por requirimento desta e en prazo, toda clase de datos e informacións de que dispoñan e que poidan resultar necesarios para o desenvolvemento das funcións da dita comisión.

Os requirimentos de información deberán estar motivados e ser proporcionados ao fin perseguido. Nos requirimentos que dite para o efecto, expoñeráse de forma detallada e concreta o contido da información que se vaia solicitar e especificarase de maneira xustificada a función para cuxo desenvolvemento é precisa tal información e o uso que se pretende facer dela.

2. Os datos e as informacións obtidos pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no desempeño das súas funcións, coa excepción dos previstos polas alíneas c), d), e) e f) do número 1 do artigo 5 desta lei, que teñan carácter confidencial por tratarse de materias protexidas polo segredo comercial, industrial ou estatístico, só poderán ser cedidos ao ministerio competente, ás comunidades autónomas, á Comisión Europea e ás autoridades doutros Estados membros da Unión Europea no ámbito das súas competencias, así como aos tribunais nos procesos xudiciais correspondentes.

Quen teña coñecemento destes datos estará obrigado a gardar sxiilo respecto deles. Sen prexuízo das responsabilidades penais e civís que poidan corresponder, a violación do deber de sxiilo considerarase falta disciplinaria moi grave.

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia terá acceso aos rexistros previstos na lexislación estatal reguladora dos sectores incluídos no ámbito de aplicación desta lei. Así mesmo, a Administración xeral do Estado terá acceso ás bases de datos que estean en poder da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Para estes efectos, realizaranse os desenvolvementos informáticos oportunos co fin de facilitar o acceso electrónico a que se refire o parágrafo anterior, de forma que se poidan realizar consultas sobre información contidas nas bases de datos e rexistros en condicións que manteñan a seguridade, confidencialidade e integridade da información.

Artigo 29. Potestade sancionadora.

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia exercerá a potestade de inspección e sanción de acordo co previsto no capítulo II do título IV da Lei 15/2007, do 3 de xullo; no título VI da Lei 7/2010, do 31 de marzo; no título VIII da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións; no título X da Lei 54/1997, do 27 de novembro; no título VI da Lei 34/1998, do 7 de outubro; no título VII da Lei 43/2010, do 30 de decembro, e no título VII da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario.

2. Para o exercicio da potestade sancionadora, garantirase a debida separación funcional entre a fase instrutora, que corresponderá ao persoal da dirección correspondente en virtude da materia, e a resolutoria, que corresponderá ao Consello.

3. O procedemento para o exercicio da potestade sancionadora rexeráse polo establecido nesta lei, nas leis mencionadas no número 1, así como, no non previsto nas normas anteriores, pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das

administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na súa normativa de desenvolvemento. En concreto, o procedemento sancionador en materia de defensa da competencia rexeráse polas disposicións específicas previstas na Lei 15/2007, do 3 de xullo.

4. A resolución do procedemento poñerá fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo.

Artigo 30. Circulares, circulares informativas e comunicacións da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá ditar as disposicións de desenvolvemento e execución das leis, reais decretos e ordes ministeriais que se aproben en relación cos sectores sometidos á súa supervisión cando a habiliten expresamente para isto. Estas disposicións adoptarán a forma de circulares da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

As circulares terán carácter vinculante para os suxeitos afectados polo seu ámbito de aplicación, unha vez publicadas no «Boletín Oficial del Estado».

No procedemento de elaboración das circulares darase audiencia aos titulares de dereitos e intereses lexítimos que resulten afectados por elas, directamente ou a través das organizacións e asociacións recoñecidas pola lei que os agrupen ou os representen e cuxos fins garden relación directa co obxecto da circular, e fomentárase en xeral a participación dos cidadáns.

2. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá efectuar requirimentos de información periódica e dirixidos á xeneralidade dos suxeitos afectados. Estes requirimentos adoptarán a forma de circulares informativas.

As circulares informativas deberán ser motivadas e proporcionadas ao fin perseguido e respectarán a garantía de confidencialidade da información achegada, de conformidade co establecido no artigo 28 desta lei.

Nelas expoñeráse de forma detallada e concreta o contido da información que se vaia solicitar, especificando de maneira xustificada a función para cuxo desenvolvemento é precisa tal información e o uso que se fará dela.

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá ditar comunicacións que aclaren os principios que guían a súa actuación.

Artigo 31. Réxime xurídico do persoal.

1. O persoal que preste servizos na Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia será funcionario ou laboral, nos termos establecidos na Administración xeral do Estado, de acordo co que se dispoña regulamentariamente e de conformidade co disposto no número 4 deste artigo.

2. O persoal funcionario rexeráse polas normas reguladoras da función pública aplicables ao persoal funcionario da Administración xeral do Estado.

A provisión de postos de traballo do persoal funcionario levarase a cabo de conformidade cos procedementos de provisión establecidos na normativa sobre función pública aplicable ao persoal funcionario da Administración xeral do Estado.

3. O persoal laboral rexeráse polo texto refundido do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo; pola normativa convencional aplicable e polos preceptos da Lei 7/2007, do 12 de abril, que expresamente lle resulten de aplicación.

A selección do persoal laboral levarase a cabo, en execución da oferta de emprego público da Administración xeral do Estado, mediante convocatoria pública, con suxeición aos principios de igualdade, mérito e capacidade, así como de acceso ao emprego público das persoas con discapacidade.

4. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia contará cunha relación de postos de traballo, que deberá ser aprobada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en que constarán, en todo caso, aqueles postos que deban ser desempeñados

en exclusiva por funcionarios públicos, por consistir no exercicio das funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio de potestades públicas e a salvagarda dos intereses xerais do Estado e das administracións públicas.

5. Sen prexuízo do disposto no artigo 25 desta lei, determinaranse no Estatuto orgánico os postos de traballo que pola súa especial responsabilidade, competencia técnica ou relevancia das súas tarefas teñen natureza directiva. O persoal directivo será funcionario de carreira do subgrupo A1 e, con carácter excepcional, poderanse cubrir os ditos postos en réxime laboral mediante contratos de alta dirección, sempre que non teñan atribuído o exercicio de potestades ou funcións públicas incluídas no ámbito do artigo 9.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril. A cobertura destes postos realizarase nos termos previstos no artigo 26.3 desta lei.

Aos contratos de alta dirección seralles de aplicación o disposto na disposición adicional oitava da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, e no Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos do sector público empresarial.

6. A determinación e modificación das condicións retributivas, tanto do persoal directivo como do resto do persoal, requirirá o informe previo e favorable do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Respecto ao persoal directivo, aplicaranse o disposto no Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, e as demais normas, en especial as de orzamentos, que sexan aplicables.

Así mesmo, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas efectuará, coa periodicidade adecuada, controis específicos sobre a evolución dos gastos de persoal e da xestión dos seus recursos humanos, de conformidade cos criterios que para tal efecto establececese.

Artigo 32. *Réxime de contratación.*

Os contratos que celebre a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia axustaranse ao disposto na lexislación sobre contratación do sector público; o seu órgano de contratación será o seu presidente.

Artigo 33. *Réxime económico-financeiro e patrimonial.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia terá patrimonio propio e independente do patrimonio da Administración xeral do Estado.

2. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia contará, para o cumprimento dos seus fins, cos seguintes bens e medios económicos:

a) As asignacións que se establezan anualmente con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

b) Os bens e dereitos que constitúan o seu patrimonio, así como os produtos e rendas deste.

c) Calquera outro que legalmente lle poida ser atribuído.

3. O control económico e financeiro da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia efectuarase consonte o disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas.

Artigo 34. *Orzamento, réxime de contabilidade e control económico e financeiro.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia elaborará e aprobará anualmente un anteproxecto de orzamento, cuxos créditos terán carácter limitativo, e remitirao ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través do Ministerio de Economía e Competitividade para a súa posterior tramitación de acordo co previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro.

2. O réxime de variacións e de vinculación dos créditos do dito orzamento será o que se estableza no Estatuto orgánico da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

3. Correspóndelle ao presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobar os gastos e ordenar os pagamentos e efectuar a rendición de contas do organismo, de conformidade co disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro.

4. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia formulará e renderá as súas contas de acordo coa Lei 47/2003, do 26 de novembro, e coas normas e principios de contabilidade recollidos no Plan xeral de contabilidade pública e as súas normas de desenvolvemento. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia disporá dun sistema de contabilidade analítica que proporcione información de custos sobre a súa actividade que sexa suficiente para unha correcta e eficiente adopción de decisións.

5. Sen prexuízo das competencias atribuídas ao Tribunal de Contas pola súa lei orgánica, a xestión económico-financeira da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia estará sometida ao control da Intervención Xeral da Administración do Estado nos termos que establece a Lei 47/2003, do 26 de novembro. O control financeiro permanente será realizado pola Intervención Delegada na Comisión Nacional baixo a dependencia funcional da Intervención Xeral da Administración do Estado.

Artigo 35. *Asistencia xurídica.*

A asistencia xurídica, consistente no asesoramento, representación e defensa en xuízo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, corresponde ao Servizo Xurídico do Estado cuxo centro directivo superior é a Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico, mediante a formalización do oportuno convenio nos termos previstos na Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica do Estado e institucións públicas, e a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 36. *Recursos contra os actos, as decisións e as resolucións da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

1. Os actos e as decisións dos órganos da Comisión distintos do presidente e do Consello poderán ser obxecto de recurso administrativo conforme o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Non obstante, respecto aos actos ditados en aplicación da Lei 15/2007, do 3 de xullo, unicamente poderán ser obxecto de recurso aqueles a que fai referencia o artigo 47 da dita lei.

2. Os actos e as resolucións do presidente e do Consello, en pleno e en salas, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, ditados no exercicio das súas funcións públicas, poñerán fin á vía administrativa e non serán susceptibles de recurso de reposición. Unicamente se poderá recorrer contra eles perante a xurisdición contencioso-administrativa.

CAPÍTULO V

Transparencia e responsabilidade

Artigo 37. *Publicidade das actuacións.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia fará públicas todas as disposicións, resolucións, acordos e informes que se diten en aplicación das leis que as regulan, unha vez notificados aos interesados, tras resolver, se é o caso, sobre os aspectos confidenciais do seu contido e logo de disociación dos datos de carácter persoal a que se refire o artigo 3.a) da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, salvo no que se refire ao nome dos infractores. En particular, difundiranse:

- a) A organización e funcións da Comisión e dos seus órganos, incluíndo os *curriculum vitae* dos membros do Consello e do persoal directivo.
- b) A relación dos acordos adoptados nas reunións do Consello.
- c) Os informes en que se basean as decisións do Consello.
- d) A memoria anual de actividades, que inclúa as contas anuais, a situación organizativa e a información relativa ao persoal e ás actividades realizadas pola Comisión, cos obxectivos perseguidos e os resultados alcanzados, que se enviará á comisión correspondente do Congreso dos Deputados e ao titular do Ministerio de Economía e Competitividade.
- e) Os informes económicos sectoriais, de carácter anual, nos cales se analizará a situación competitiva do sector, a actuación do sector público e as perspectivas de evolución do sector, sen prexuízo dos informes que poidan elaborar os departamentos ministeriais. O informe enviarase en todo caso á comisión correspondente do Congreso dos Deputados e aos titulares do ministerio competente no sector de que se trate e do Ministerio de Economía e Competitividade e, se é o caso, ao titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, na parte relativa ás reclamacións dos usuarios finais.
- f) Outros informes elaborados sobre a estrutura competitiva de mercados ou sectores produtivos, sen prexuízo da súa remisión ao titular do Ministerio de Economía e Competitividade.
- g) O plan de actuación da Comisión para o ano seguinte, incluíndo as liñas básicas da súa actuación nese ano, cos obxectivos e prioridades correspondentes. Este plan de actuacións enviarase tamén á comisión correspondente do Congreso dos Deputados e ao titular do Ministerio de Economía e Competitividade.
- h) Os informes elaborados sobre proxectos normativos ou actuacións do sector público.
- i) As reunións dos membros da Comisión con empresas do sector, sempre que a súa publicidade non afecte o cumprimento dos fins que ten encomendados a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.
- j) As resolucións que poñan fin aos procedementos.
- k) As resolucións que acorden a imposición de medidas cautelares.
- l) A iniciación dun expediente de control de concentracións.
- m) A incoación de expedientes sancionadores.
- n) A realización de inspeccións de acordo coa Lei 15/2007, do 3 de xullo.

2. As disposicións, resolucións, acordos, informes e a memoria anual de actividades e o plan de actuación faranse públicos por medios electrónicos.

3. Cada tres anos, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia presentará unha avaliación dos seus plans de actuación e os resultados obtidos para poder valorar o seu impacto no sector e o grao de cumprimento das resolucións ditadas. Estas avaliacións enviaranse tamén á comisión correspondente do Congreso dos Deputados e ao titular do Ministerio de Economía e Competitividade.

Artigo 38. Medidas para mellorar a eficiencia, eficacia e calidade dos procedementos de supervisión.

1. Sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos polo capítulo IV desta lei en materia de control económico e financeiro, a Comisión dispoñerá dun órgano de control interno cuxa dependencia funcional e capacidade de informe se rexerán polos principios de imparcialidade, obxectividade e a evitación da produción de conflitos de intereses.

2. A Comisión elaborará anualmente unha memoria sobre a súa función supervisora que incluírá un informe do órgano de control interno sobre a adecuación das decisións adoptadas pola Comisión á normativa procedemental aplicable. Esta memoria deberá ser aprobada polo Consello e remitida ás Cortes Xerais e ao Ministerio de Economía e Competitividade.

Artigo 39. *Control parlamentario.*

1. O presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia deberá comparecer, con periodicidade polo menos anual, ante a comisión correspondente do Congreso dos Deputados para expoñer as liñas básicas da súa actuación e os seus plans e prioridades para o futuro. Xunto co presidente, poderán comparecer, por pedimento da Cámara, un ou varios membros do Consello.

2. As comparecencias anuais estarán baseadas na memoria anual de actividades e no plan de actuación.

3. Sen prexuízo da súa comparecencia anual, o presidente comparecerá ante a comisión correspondente do Congreso ou do Senado, por pedimento destes nos termos establecidos nos seus respectivos regulamentos.

4. Cada tres anos o presidente comparecerá de forma especial para debater a avaliación do plan de actuación e o resultado obtido pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Disposición adicional primeira. *Constitución e exercicio efectivo das funcións da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

1. Inmediatamente despois da aprobación do Estatuto orgánico, o ministro de Economía e Competitividade propoñerá ao Goberno o nomeamento dos membros do Consello, os cales comparecerán perante o Congreso, que terá un mes para vetalos nos termos do artigo 15 desta lei.

2. No prazo de 20 días desde a publicación do real decreto de nomeamento dos membros do Consello, procederase á constitución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, a través da constitución do Consello. Unha vez constituído, o Consello procederá a nomear o secretario.

3. Constituída a Comisión, o Consello contará co prazo dun mes para levar a cabo as seguintes accións:

- a) Nomeamento do persoal directivo, de acordo co establecido no artigo 26.3 desta lei.
- b) Elaboración do regulamento de funcionamento interno.
- c) Integración de medios persoais e materiais que correspondan á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

4. A posta en funcionamento da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, que implicará o exercicio efectivo por parte dos seus órganos das funcións que teñen atribuídas, iniciarase na data que para o efecto se determine por orde do ministro de Economía e Competitividade e, en todo caso, no prazo de catro meses desde a entrada en vigor desta lei. Nesta data terase que ter producido a transferencia do persoal e dos medios orzamentarios suficientes para o desempeño das funcións recollidas nesta lei.

Disposición adicional segunda. *Extinción de organismos.*

1. A constitución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia implicará a extinción da Comisión Nacional da Competencia, da Comisión Nacional de Enerxía, da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, da Comisión Nacional do Sector Postal, do Comité de Regulación Ferroviaria, da Comisión Nacional do Xogo, da Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria e do Consello Estatal de Medios Audiovisuais.

2. Sen prexuízo do establecido nesta lei, as referencias que a lexislación vixente contén á Comisión Nacional da Competencia, á Comisión Nacional de Enerxía, á Comisión do Mercado das Telecomunicacións, á Comisión Nacional do Sector Postal, ao Consello Estatal de Medios Audiovisuais, á Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria e ao Comité de Regulación Ferroviaria entenderanse realizadas á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ou ao ministerio correspondente segundo a función de que se trate.

As referencias que a Lei 15/2007, do 3 de xullo, contén á Dirección de Investigación da Comisión Nacional de Competencia entenderanse realizadas á Dirección de Competencia da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

As mencións á autoridade estatal de supervisión regulada no título VI da Lei 21/2003, do 7 de xullo, que se conteñen na dita lei ou en calquera outra disposición, deberán entenderse realizadas á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

3. As referencias contidas en calquera norma do ordenamento xurídico á Comisión Nacional do Xogo entenderanse realizadas á Dirección Xeral de Ordenación do Xogo do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas que a substitúe e asume as súas competencias, nos termos previstos na disposición adicional décima.

4. Sen prexuízo do previsto no número 6, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia asumirá os medios materiais, incluíndo, en particular, sistemas e aplicacións informáticas dos organismos extinguidos a que se refire o número 1, que resulten necesarios para o exercicio das súas funcións, O resto corresponde aos ministerios que asuman as funcións atribuídas nas disposicións adicionais sétima, oitava, novena, décima, décimo primeira e décimo segunda.

5. Os ministerios de Facenda e Administracións Públicas e de Economía e Competitividade determinarán os saldos de tesouraría e os activos financeiros dos organismos que se extinguen que se deban incorporar á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

6. Os bens inmoables e dereitos reais de titularidade dos organismos reguladores extinguidos que resulten innecesarios para o exercicio das funcións da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia incorporaranse ao patrimonio da Administración xeral do Estado.

Disposición adicional terceira. *Réxime especial de incompatibilidade e indemnización do presidente, vicepresidente e conselleiros dos organismos que se extinguen.*

1. Durante os dous anos posteriores ao seu cesamento, o presidente, o vicepresidente e os conselleiros dos organismos que se extinguen non poderán exercer ningunha actividade profesional privada relacionada co sector regulado, tanto en empresas do sector coma para empresas do sector, no caso dos organismos reguladores. No caso da Comisión Nacional da Competencia, ao cesaren nos seus cargos, e durante os dous anos posteriores, o presidente e os conselleiros non poderán exercer ningunha actividade profesional privada relacionada coa actividade da Comisión.

2. En virtude desta limitación, o presidente, o vicepresidente e os conselleiros dos organismos que se extinguen, ao cesaren nos seus cargos, terán dereito a percibir, a partir do mes seguinte a aquel en que se produza o seu cesamento e durante un prazo igual ao que desempeñasen o cargo, co límite máximo de dous anos, unha compensación económica mensual igual á doceava parte do oitenta por cento do total de retribucións asignadas ao cargo respectivo no orzamento en vigor durante o prazo indicado.

Non procederá a percepción da dita compensación en caso de desempeño, de forma remunerada, de calquera posto de traballo, cargo ou actividade no sector público ou privado nos termos previstos no artigo 1 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

Disposición adicional cuarta. *Asignación de medios á Administración xeral do Estado.*

1. No prazo previsto na disposición adicional primeira desta lei para a posta en funcionamento da Comisión, o Goberno aprobará as modificacións necesarias nos reais decretos de desenvolvemento da estrutura orgánica básica dos ministerios afectados.

2. A entrada en vigor das modificacións dos reais decretos de estrutura a que fai referencia esta disposición non se producirá ata que os orzamentos dos ministerios non se adecuen á nova distribución competencial, de acordo co establecido na disposición transitoria cuarta.

Disposición adicional quinta. *Atribución de competencias á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

As competencias que as normas vixentes lles atribúen aos organismos que se extingan cando se constitúa a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e que esta lei non atribúese expresamente aos departamentos ministeriais competentes da Administración xeral do Estado serán exercidas pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Disposición adicional sexta. *Integración do persoal dos organismos públicos que se extinguen na Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

1. O persoal funcionario que presta servizos nos organismos que se extinguirán de acordo co establecido na disposición adicional segunda integrarase na Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, ou ben na Administración xeral do Estado.

A integración levarase a cabo, en ambos os dous supostos, de acordo cos procedementos de mobilidade establecidos na lexislación de función pública aplicable ao persoal funcionario da Administración xeral do Estado.

O persoal funcionario que se integre na Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia farao na situación de servizo activo no seu correspondente corpo ou escala, cos mesmos dereitos e obrigas que ata ese momento teña recoñecidos.

Igual situación administrativa e garantías terán os funcionarios que pasen a prestar servizos na Administración xeral do Estado como consecuencia das competencias que esta asuma dos extintos organismos.

2. O persoal laboral dos organismos que agora se extinguen integrarase na Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia nos termos previstos no artigo 44 do texto refundido do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, con respecto aos dereitos e obrigas laborais que tivese ata ese momento.

Para a integración deste persoal laboral, atenderase necesariamente ás funcións efectivas que viñese desempeñando no organismo extinguido.

Excepcionalmente, o persoal laboral poderase integrar nos departamentos ministeriais, nos mesmos termos previstos no parágrafo anterior, cando, como consecuencia das funcións que por esta lei se atribúen aos departamentos ministeriais, se faga necesaria a súa integración, sen que en ningún caso se poidan producir incrementos retributivos con relación á situación existente nos organismos de procedencia. Cando queden vacantes os postos de traballo que se integren na estrutura orgánica dos ditos departamentos por falecemento, xubilación ou calquera outra causa legal, e sempre que esta non implique dereito ao reingreso no servizo activo, amortizaranse e daranse de alta como prazas de persoal funcionario para garantir a continuidade na prestación das citadas funcións, sempre e cando isto resulte necesario de conformidade co establecido no artigo 9 da Lei 7/2007, do 12 de abril. A reasignación de efectivos, amortización e, se é o caso, creación de postos de traballo terá lugar nos termos e co alcance que determine o órgano competente.

Disposición adicional sétima. *Funcións que asume o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo en materia audiovisual.*

En materia audiovisual de ámbito estatal, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo exercerá, adicionalmente ás que xa ten encomendadas, as seguintes funcións:

- a) Recibir as comunicacións de inicio de actividade dos prestadores do servizo de comunicación audiovisual.
- b) Levar o Rexistro estatal de prestadores de servizos de comunicación audiovisual.
- c) Decidir sobre calquera cuestión ou incidente que afecte o exercicio dos títulos habilitantes de servizos de comunicación audiovisual, tales como a súa duración, renovación, modificación, celebración de negocios xurídicos ou extinción.

d) Verificar as condicións dos artigos 36 e 37 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, en materia de limitación de adquisición de participacións entre operadores do servizo de comunicación audiovisual.

e) Certificar a emisión en cadea por parte dos prestadores do servizo de comunicación audiovisual radiofónica que así o comunicasen, e instar a súa inscrición, cando proceda, no Rexistro estatal de prestadores de servizos de comunicación audiovisual.

Disposición adicional oitava. *Funcións que asume o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo en materia de enerxía.*

O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo asumirá as seguintes funcións:

1. No sector eléctrico:

a) Inspeccionar, dentro do seu ámbito de competencias, o cumprimento das condicións técnicas das instalacións, o cumprimento dos requisitos establecidos nas autorizacións, a correcta e efectiva utilización do carbón autóctono nas centrais eléctricas con dereito ao cobramento da prima ao consumo de carbón autóctono, as condicións económicas e actuacións dos suxeitos en canto poidan afectar a aplicación das tarifas, prezos e criterios de remuneración das actividades enerxéticas, a dispoñibilidade efectiva das instalacións de xeración no réxime ordinario, a correcta facturación e condicións de venda das empresas distribuidoras e comercializadoras a consumidores e clientes cualificados, a continuidade do fornecemento de enerxía eléctrica, a calidade do servizo, así como a efectiva separación destas actividades cando sexa exixida.

b) Acordar a iniciación dos expedientes sancionadores e realizar a súa instrución, cando sexan da competencia da Administración xeral do Estado por non corresponder a súa incoación e instrución á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, e emitir informe, cando sexa requirido para isto, sobre aqueles expedientes sancionadores iniciados polas distintas administracións públicas.

c) Informar, atender e tramitar, en coordinación coas administracións competentes, a través de protocolos de actuación, as reclamacións presentadas polos consumidores de enerxía eléctrica e ter á disposición destes toda a información necesaria relativa aos seus dereitos, á lexislación en vigor e ás vías de solución de conflitos de que dispoñen en caso de litixios.

O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo informará, polo menos semestralmente, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia das actuacións realizadas, incluíndo información sobre o número de reclamacións sometidas a informe que atendeu e tramitou co fin de facilitar os labores de supervisión do funcionamento dos mercados retalistas por parte deste organismo.

d) Realizar a liquidación dos custos de transporte e distribución de enerxía eléctrica, dos custos permanentes do sistema e daqueles outros custos que se establezan para o conxunto do sistema cando a súa liquidación lle sexa expresamente encomendada, e enviar á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia toda a información necesaria para a elaboración das metodoloxías de peaxes.

e) Supervisar a actividade da Oficina de Cambios de Subministrador.

2. No sector de hidrocarburos:

a) Inspeccionar, dentro do seu ámbito de competencias, o cumprimento das condicións técnicas das instalacións, o cumprimento dos requisitos establecidos nas autorizacións, as condicións económicas e actuacións dos suxeitos en canto poidan afectar a aplicación das tarifas, prezos e criterios de remuneración das actividades de hidrocarburos, a dispoñibilidade efectiva das instalacións gasistas, a correcta facturación e condicións de venda aos consumidores das empresas distribuidoras, no que se refire ao acceso ás redes, e comercializadoras, a continuidade do fornecemento de gas natural, a calidade do servizo, así como a efectiva separación destas actividades cando sexa exixida.

b) Acordar, no ámbito de aplicación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, a iniciación dos expedientes sancionadores e realizar a súa instrución, cando sexan da competencia da Administración xeral do Estado, e emitir informe, cando sexa requirido para isto, sobre aqueles expedientes sancionadores iniciados polas distintas administracións públicas, sen prexuízo das competencias atribuídas á Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos no artigo 52.4 da citada lei nin das competencias exclusivas doutros órganos das administracións públicas.

c) Realizar as liquidacións correspondentes aos ingresos obtidos por peaxes e canons relativos ao uso das instalacións da rede básica, transporte secundario e distribución a que fai referencia o artigo 96 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, e comunicárllelas aos interesados.

d) Emitir informe, atender e tramitar, en coordinación coas administracións competentes, a través de protocolos de actuación, as reclamacións presentadas polos consumidores de gas natural, e ter á súa disposición toda a información necesaria relativa aos seus dereitos, á lexislación en vigor e ás vías de solución de conflitos de que dispoñen en caso de litixios.

O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo informará, polo menos semestralmente, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia das actuacións realizadas, incluíndo información sobre o número de reclamacións sometidas a informe que atendeu e tramitou co fin de facilitar os labores de supervisión do funcionamento dos mercados retalistas por parte deste organismo.

e) Expedir os certificados e xestionar o mecanismo de certificación de consumo e venda de biocarburantes.

f) Supervisar a actividade da Oficina de Cambios de Subministrador.

g) As competencias que a normativa vixente atribúe á Comisión Nacional da Enerxía en materia de hidrocarburos líquidos.

Disposición adicional novena. *Toma de participacións no sector enerxético.*

1. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo coñecerá das seguintes operacións:

a) Toma de participacións en sociedades ou por parte de sociedades que desenvolvan actividades que teñan a consideración de reguladas, consistan na operación do mercado de enerxía eléctrica ou se trate de actividades en territorios insulares ou extrapeninsulares conforme o disposto na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

b) Toma de participacións en sociedades ou por parte de sociedades que desenvolvan actividades que teñan a consideración de reguladas, consistan na xestión técnica do sistema gasista conforme o disposto na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, ou desenvolvan actividades no sector de hidrocarburos tales como refinación de petróleo, transporte por oleodutos e almacenamento de produtos petrolíferos.

c) Toma de participacións en sociedades ou por parte de sociedades que sexan titulares dos activos precisos para desenvolver as actividades recollidas nas alíneas a) e b), ou ben de activos do sector da enerxía de carácter estratéxico incluídos no Catálogo nacional de infraestruturas críticas, de acordo co disposto na Lei 8/2011, do 28 de abril, pola que se establecen medidas para a protección das infraestruturas críticas, e a súa normativa de desenvolvemento.

En todo caso, consideraranse activos estratéxicos as centrais térmicas nucleares e as centrais térmicas de carbón de especial relevancia no consumo de carbón de produción nacional, así como as refinarias de petróleo, os oleodutos e os almacenamentos de produtos petrolíferos.

d) Adquisición dos activos mencionados na alínea c) anterior.

2. As sociedades que realicen actividades incluídas nas alíneas a) e b) do número 1 anterior deberán comunicar á Secretaría de Estado de Enerxía do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo as adquisicións realizadas directamente ou mediante sociedades que

controlen conforme os criterios establecidos no artigo 42.1 do Código de comercio, de participacións noutras sociedades mercantís ou de activos de calquera natureza que, atendendo ao seu valor ou a outras circunstancias, teñan un impacto relevante ou influencia significativa no desenvolvemento das actividades da sociedade que comunica a operación.

3. Igualmente, deberá comunicarse á Secretaría de Estado de Enerxía a adquisición de participacións nunha porcentaxe do seu capital social que conceda unha influencia significativa na súa xestión, nas sociedades que, directamente ou mediante sociedades que controlen conforme os criterios establecidos no artigo 42.1 do Código de comercio, realicen actividades incluídas no número 1 ou sexan titulares dos activos sinalados. Da mesma forma, deberase comunicar a adquisición directa dos activos mencionados na alínea d) do número 1.

Ademais, para a determinación da porcentaxe de participación que precisa de comunicación tomaranse en consideración os acordos que a sociedade adquirente poida ter con outros adquirentes ou socios para o exercicio conxunto ou coordinado de dereitos de voto na sociedade afectada.

4. Cando a adquisición sinalada no número 3 a realicen entidades de Estados que non sexan membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, aplicarase o disposto no número 7 desta disposición.

5. Así mesmo, serán obxecto de comunicación polo adquirente aquelas modificacións que, illadamente ou no seu conxunto consideradas, poidan supoñer un cambio significativo na súa participación.

6. As comunicacións a que se refiren os puntos anteriores deberanse efectuar dentro dos 15 días seguintes ao da realización da correspondente operación, e poderá indicarse, de forma xustificada, que parte dos datos ou información achegada se considera de transcendencia comercial ou industrial para os efectos de que sexa declarada a súa confidencialidade.

7. Se o ministro de Industria, Enerxía e Turismo considera que existe unha ameaza real e suficientemente grave para a garantía de fornecemento de electricidade, gas e hidrocarburos no ámbito das actividades do adquirente, poderá establecer condicións relativas ao exercicio da actividade das sociedades suxeitas ás operacións comunicadas de acordo cos números 2 e 4 desta disposición, así como ás obrigas específicas que se poidan impoñer ao adquirente para garantir o seu cumprimento.

Estes riscos referiranse aos seguintes aspectos:

a) A seguridade e calidade do fornecemento entendidas como a dispoñibilidade física ininterrompida dos produtos ou servizos no mercado a prezos razoables no curto ou longo prazo para todos os usuarios, con independencia da súa localización xeográfica.

b) A seguridade fronte ao risco dun investimento ou dun mantemento insuficientes en infraestruturas que non permitan asegurar, de forma continuada, un conxunto mínimo de servizos exhibibles para a garantía de fornecemento. Para estes efectos, terase en conta o nivel de endebedamento para garantir os investimentos, así como o cumprimento dos compromisos adquiridos ao respecto.

c) O incumprimento dos requisitos de capacidade legal, técnica, económica e financeira do adquirente ou da empresa adquirida, de acordo co disposto na normativa específica de aplicación e, en particular, na Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear; na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e nas súas normas de desenvolvemento.

Para estes efectos, tomaranse en consideración as participacións que o adquirente teña ou pretenda adquirir noutras sociedades ou activos obxecto da presente disposición.

As condicións que se impoñan respectarán en todo caso o principio de proporcionalidade e de protección do interese xeral.

Correspóndelle ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo supervisar o cumprimento das condicións que sexan impostas, e as empresas afectadas deberán atender os requirimentos de información que se poidan ditar para estes efectos.

A resolución deberase adoptar de forma motivada e notificar no prazo máximo de 30 días desde a comunicación, logo do informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Este informe non terá carácter vinculante e deberá ser emitido no prazo de 10 días.

8. Cando a adquisición de participacións afecte os xestores de rede de transporte de electricidade ou de gas, incluíndo os xestores de rede independentes, aplicarase o disposto na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

Disposición adicional décima. *Funcións que asume a Dirección Xeral de Ordenación do Xogo do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en materia de xogo.*

A Dirección Xeral de Ordenación do Xogo do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas asumirá o obxecto, as funcións e as competencias que a Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, lle atribúe á extinta Comisión Nacional do Xogo.

Disposición adicional décimo primeira. *Funcións que asume o Ministerio de Fomento en relación co sector postal.*

En materia postal, o Ministerio de Fomento asumirá as seguintes funcións:

1. Informar os usuarios sobre os operadores postais, as condicións de acceso, prezo, nivel de calidade e indemnizacións e prazo en que serán satisfeitas e, en todo caso, realizar a publicación no sitio web do Ministerio a que se refire o artigo 9.2 da Lei 43/2010, do 30 de decembro.

2. Coñecer das controversias entre os usuarios e os operadores dos servizos postais no ámbito do servizo postal universal, sempre e cando non fosen sometidos ás xuntas arbitrais de consumo.

3. Coñecer das queixas e denuncias dos usuarios por incumprimento das obrigas por parte dos operadores postais, en relación coa prestación do servizo postal universal, de conformidade co establecido no título II da Lei 43/2010, do 30 de decembro, e na súa normativa de desenvolvemento.

O Ministerio de Fomento informará, polo menos semestralmente, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia das actuacións realizadas, incluíndo información sobre o número de reclamacións sometidas a informe que atendeu e tramitou co fin de facilitar os labores de supervisión do funcionamento dos mercados retallistas por parte deste organismo.

4. Exercer a potestade de inspección e sanción en relación coas funcións mencionadas nos puntos anteriores.

5. Outorgar as autorizacións singulares e recibir as declaracións responsables que habilitan para a actividade postal, e xestionar o Rexistro xeral de empresas prestadoras de servizos postais, de conformidade co establecido no título IV da Lei 43/2010, do 30 de decembro, do servizo postal universal, dos dereitos dos usuarios e do mercado postal, así como na súa normativa de desenvolvemento.

Disposición adicional décimo segunda. *Funcións que asume o Ministerio da Presidencia en materia audiovisual.*

Corresponde ao Ministerio da Presidencia aprobar o Catálogo de acontecementos de interese xeral para a sociedade a que se refire o artigo 20.1 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, logo de consulta aos prestadores do servizo de comunicación audiovisual e aos organizadores das competicións deportivas.

Disposición adicional décimo terceira. *Remisión de informes ao Instituto Nacional do Consumo.*

Sen prexuízo das funcións asumidas polos ministerios de Industria, Enerxía e Turismo, en materia de enerxía, e de Fomento, en relación co sector postal, previstas na alínea c) do número 1, e alínea d) do número 2, da disposición adicional oitava, e no

número 1, da disposición adicional décimo primeira, os mencionados ministerios remitirán ao Instituto Nacional do Consumo, dentro do primeiro trimestre de cada ano natural, un informe referido ao ano anterior, en que se inclúa información comprensiva do número de reclamacións presentadas polos consumidores e que foron atendidas, obxecto destas, resolucións estimatorias e desestimatorias adoptadas, sancións, se é o caso, a que deron lugar, así como calquera outro aspecto que se considere relevante.

Disposición adicional décimo cuarta. *Taxas, prestacións patrimoniais e ingresos derivados do exercicio das funcións previstas nesta lei.*

1. Os ministerios e os organismos que desenvolvan as funcións previstas nesta lei, con ocasión das cales se produce a exigencia de taxas e prestacións patrimoniais de carácter público que se recollen nos números I.1, I.3, I.4 e I.5 e no número II.1 do anexo, levarán a cabo a súa xestión e recadación en período voluntario, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria novena.

2. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia levará a cabo a xestión e recadación en período voluntario da taxa prevista no número I.2 e da prestación patrimonial indicada no número II.2 do anexo.

3. A recadación polos dereitos a que se refire esta disposición adicional, incluída a que lles corresponda aos organismos que se extinguen conforme esta lei, ingresarse no Tesouro público, salvo polo que respecta ao sistema de financiamento da Corporación de Radio Televisión Española e ao Fondo de Financiamento do Servizo Postal Universal, que se rexerán polas súas respectivas disposicións.

4. A recadación en período executivo dos recursos de natureza pública a que se refiren os puntos anteriores efectuarase conforme o disposto no Regulamento xeral de recadación aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

5. Os recursos a que se refiren os puntos anteriores rexeranse, no que non se opoña a esta lei, pola normativa vixente no momento da súa entrada en vigor.

Disposición adicional décimo quinta. *Consellos consultivos.*

1. Créase o Consello Consultivo de Enerxía como órgano de participación e consulta do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo nas materias competencia da Secretaría de Estado de Enerxía.

O Consello Consultivo de Enerxía estará presidido polo secretario de Estado de Enerxía, ou persoa en quen delegue, e terá entre as súas funcións o estudo, a deliberación e a proposta en materia de política enerxética e minas.

Así mesmo, coñecerá sobre os asuntos que o Goberno ou o ministro de Industria, Enerxía e Turismo lle sometan.

2. Poderán crearse igualmente consellos consultivos nos sectores de telecomunicacións, audiovisual, de transportes e postal.

3. Regulamentariamente determinaranse as funcións, a composición, a organización e as regras de funcionamento dos consellos consultivos. A constitución e o funcionamento dos consellos non supoñerán ningún incremento do gasto público e serán atendidos cos medios materiais e de persoal existentes nos departamentos respectivos.

4. En todo caso, os consellos consultivos emitirán informe na elaboración de disposicións de carácter xeral e de circulares da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Este informe equivalerá á audiencia aos titulares de dereitos e intereses lexítimos.

Disposición adicional décimo sexta. *Exercicio temporal das funcións de supervisión en materia de tarifas aeroportuarias.*

1. As funcións establecidas no artigo 10, alíneas a) e b), do Real decreto lei 11/2011, do 26 de agosto, polo que se crea a Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria e se modifica o réxime xurídico do persoal laboral de Aena, pasarán a ser exercidas polo

Comité de Regulación Ferroviaria desde a entrada en vigor desta lei, con suxeición ao disposto nos artigos 11 a 13, ambos incluídos, do citado Real decreto lei 11/2011, do 26 de agosto, e no título VI, capítulo IV, da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea.

2. A partir da entrada en vigor desta lei, o Comité de Regulación Ferroviaria pasará a denominarse Comité de Regulación Ferroviaria e Aeroportuaria.

3. No exercicio das funcións previstas nesta disposición, o Comité de Regulación Ferroviaria e Aeroportuaria actuará con independencia funcional plena, respecto da organización, das decisións financeiras, da estrutura legal e da toma de decisións do xestor aeroportuario e das compañías aéreas, e exercerá as súas funcións de modo imparcial e transparente.

4. Mentres desempeñe as funcións que lle atribúe o número 1, entenderanse referidas ao Comité de Regulación Ferroviaria e Aeroportuaria cantas mencións se conteñan na normativa aplicable en relación coa autoridade estatal de supervisión regulada no título VI, capítulo IV, da Lei 21/2003, do 7 de xullo.

Así mesmo, as mencións contidas na normativa vixente ao Comité de Regulación Ferroviaria deberán entenderse realizadas ao Comité de Regulación Ferroviaria e Aeroportuaria.

5. O exercicio temporal destas funcións, máis alá do previsto nesta disposición, non alterará o previsto nos artigos 82 a 84 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario.

6. A presente atribución temporal de funcións prolongarase, así mesmo, unha vez constituída a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, e finalizará no momento da posta en funcionamento da dita comisión.

Disposición adicional décimo sétima. Fomento da corregulación publicitaria.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá asinar acordos de corregulación que coaduxen no cumprimento dos obxectivos establecidos nesta lei, en particular en relación co control do cumprimento das obrigas, as prohibicións e os límites ao exercicio do dereito a realizar comunicacións comerciais audiovisuais, con aqueles sistemas de autorregulación publicitaria que cumpran o previsto no artigo 37.4 da Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal. No acordo determinaranse os efectos recoñecidos ás actuacións do sistema de autorregulación.

Disposición adicional décimo oitava. Outras sedes.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá ter outras sedes, de acordo co establecido no número 3 do artigo 2 desta lei.

A súa localización realizarase mantendo a actualmente existente para as telecomunicacións, onde se situará a Dirección de Telecomunicacións do Sector Audiovisual (Instrución de telecomunicación e servizos audiovisuais), para o aproveitamento dos recursos e infraestruturas actuais.

Disposición transitoria primeira. Primeiro mandato dos membros da Comisión Nacional de Mercados e da Competencia.

1. Na primeira sesión do Consello determinaranse, preferentemente de forma voluntaria e supletoriamente por sorteo, os tres conselleiros que cesarán transcorrido o prazo de dous anos desde o seu nomeamento e os tres que cesarán transcorrido o prazo de catro anos.

2. Non obstante o disposto no artigo 15 desta lei, os membros do Consello afectados pola primeira renovación parcial poderán ser reelixidos por un novo mandato de seis anos.

Disposición transitoria segunda. *Nomeamento do primeiro presidente e vicepresidente.*

O establecido na disposición transitoria primeira desta lei non afectará o nomeamento do primeiro presidente e vicepresidente do organismo que, de acordo co seu artigo 15.2, terán un mandato de seis anos non renovable.

Disposición transitoria terceira. *Continuación de funcións polos organismos que se extinguen.*

Desde a constitución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ata a súa posta en funcionamento, os organismos supervisores continuarán exercendo as funcións que desempeñan actualmente. Durante este período, os membros do Consello permanecerán no seu cargo en funcións e os organismos terán plena capacidade para desempeñar a súa actividade.

Disposición transitoria cuarta. *Desempeño transitorio de funcións pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

En relación coas funcións que, conforme o establecido nesta lei, deban traspasarse aos ministerios, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, unha vez que entrase en funcionamento, desempeñaraas ata o momento en que os departamentos ministeriais dispoñan dos medios necesarios para exercelas de forma efectiva.

Disposición transitoria quinta. *Procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei.*

1. Os procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei continuarán tramitándose os órganos da autoridade a que esta lei atribúe as funcións anteriormente desempeñadas polos organismos extinguidos.

2. A constitución e posta en funcionamento da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderase considerar unha circunstancia extraordinaria que, conforme a lexislación específica aplicable, permitirá a ampliación do prazo máximo para resolver os procedementos sometidos a caducidade ou afectados polo silencio administrativo.

Disposición transitoria sexta. *Postos de traballo de persoal funcionario que viñan sendo desempeñados por persoal laboral.*

Con carácter excepcional, o persoal laboral fixo dos organismos públicos extintos que viñese ocupando postos con funcións que, de acordo co establecido nesta lei, deban ser desempeñadas por persoal funcionario, poderá seguir ocupando os ditos postos.

Así mesmo, os postos que se poidan crear, así como os que queden vacantes, deberán axustar a súa natureza ás previsións do réxime xurídico de persoal do artigo 31 desta lei.

Disposición transitoria sétima. *Orzamentos aplicables ata a aprobación dos orzamentos da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

Unha vez constituída a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, mentres non dispoña dun orzamento propio, manteranse os orzamentos dos organismos que, de conformidade coa disposición adicional segunda, queden extinguidos.

Disposición transitoria oitava. *Réxime transitorio contable e de rendición de contas anuais.*

1. As operacións executadas durante o exercicio 2013 pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia rexistraranse na contabilidade e no orzamento de cada un dos organismos extinguidos, segundo o ámbito a que correspondan as ditas operacións.

2. O presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia formulará e aprobará por cada un dos organismos extinguidos unha conta do exercicio 2013 que incluíra as operacións realizadas por cada organismo e as indicadas no número 1 anterior, e procederá tamén á súa rendición ao Tribunal de Contas nos termos que se establecen na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

3. A formulación e aprobación das contas anuais do exercicio 2012 dos organismos extinguidos e a súa rendición ao Tribunal de Contas nos termos que se establecen na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, corresponderalles aos contadantes dos ditos organismos ou ao presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, se esta xa se tiver constituído.

Disposición transitoria novena. *Xestión e liquidación das taxas previstas no anexo.*

1. A xestión e liquidación das taxas a que se refire o número I.1, nas súas epígrafes A) e B), do anexo desta lei axustaranse, mentres non se proceda á súa nova regulación, ao establecido na Orde FOM/3447/2010, do 29 de decembro, pola que se aproban os modelos de impresos para o pagamento das taxas establecidas e reguladas na Lei 23/2007, do 8 de outubro, de creación da Comisión Nacional do Sector Postal.

2. A xestión e liquidación das taxas a que se refire o número I.4 do anexo desta lei axustaranse, mentres o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo non dispoña dos medios necesarios para exercer as súas funcións de forma efectiva, ao establecido na disposición adicional décimo segunda da Lei 34/1998, do 7 de outubro.

Disposición transitoria décima. *Órganos de asesoramento da Comisión Nacional de Enerxía.*

Os órganos de asesoramento da Comisión Nacional de Enerxía previstos na disposición adicional décimo primeira da Lei 34/1998, do 7 de outubro, seguirán exercendo as súas funcións ata que se constitúa o Consello Consultivo de Enerxía previsto na disposición adicional décimo quinta desta lei.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei e de maneira específica:

a) O número 7 da disposición adicional cuarta da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

b) A disposición adicional décimo primeira, excepto o ordinal sexto, que permanece vixente, e a disposición adicional décimo segunda da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

c) O artigo 48 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, coa excepción do seu número 4.

d) Os artigos 82, 83 e 84 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario.

e) Os artigos 12, 17 e 40 e o título III da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.

f) A Lei 23/2007, do 8 de outubro, de creación da Comisión Nacional do Sector Postal.

g) O título V da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral de comunicación audiovisual.

h) O capítulo II do título I e a disposición derradeira cuarta da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.

i) O artigo 20; os números 15 e 16 do artigo 21; os artigos 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32 e 33; o número 2 do artigo 34; a disposición transitoria quinta e o parágrafo primeiro da disposición derradeira segunda da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.

j) O Real decreto lei 11/2011, do 26 de agosto, polo que se crea a Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria, se regula a súa composición e se modifica o réxime xurídico do persoal laboral de Aena.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.*

O número 1 da disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, modifícase nos seguintes termos:

«1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores, o Consello de Seguridade Nuclear, as universidades non transferidas, a Axencia Española de Protección de Datos, o Consorcio da Zona Especial Canaria, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, o Museo Nacional do Prado e o Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía rexeranse pola súa lexislación específica e, supletoriamente, por esta lei.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

O número 5 da disposición adicional cuarta da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, modifícase nos seguintes termos:

«5. Os actos e as disposicións ditados pola Axencia Española de Protección de Datos, Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, Consello Económico e Social, Instituto Cervantes, Consello de Seguridade Nuclear, Consello de Universidades e Sección Segunda da Comisión de Propiedade Intelectual, directamente, ante a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

O número 4 do artigo 116 queda modificado como segue:

«4. A Comisión Nacional de Enerxía será competente para impoñer sancións nos seguintes casos:

a) Infraccións moi graves previstas no artigo 109.1.h), i), q), r) e ac).

Así mesmo, poderá impoñer sancións no caso das infraccións tipificadas nas alíneas d), g) e j) do artigo 109.1 sempre e cando a infracción se produza pola negativa ao cumprimento de decisións xuridicamente vinculantes, remisión de información ou realización de inspeccións e outros requirimentos da Comisión Nacional de Enerxía no ámbito das súas competencias e no caso de infraccións tipificadas na alínea ab) cando afecte materias da súa competencia.

b) Infraccións graves previstas no artigo 110.l, t), u) e w).

Así mesmo, poderá impoñer sancións no caso das infraccións tipificadas nas alíneas d) e f) do artigo 110, sempre e cando a infracción se produza pola negativa ao cumprimento de decisións xuridicamente vinculantes, remisión de información ou realización de inspeccións e outros requirimentos da Comisión Nacional de Enerxía no ámbito das súas competencias, e no caso de infraccións tipificadas na alínea v) cando afecte materias da súa competencia.

c) Infraccións leves en relación con incumprimentos de decisións xuridicamente vinculantes e requirimentos da Comisión Nacional de Enerxía no ámbito das súas competencias.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea.*

A Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, queda modificada como segue:

Un. Engádesse unha nova disposición adicional décimo terceira, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo terceira. *Réxime xurídico do persoal laboral de Aena.*

A negociación colectiva, a contratación e o réxime xurídico do persoal laboral da entidade pública empresarial Aena que non teña a condición de controlador de tránsito aéreo será o legalmente establecido para o persoal de Aena Aeropuertos, S.A.»

Dous. Engádesse unha nova disposición adicional décimo cuarta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo cuarta. *Procedementos en materia de tarifas aeroportuarias.*

1. No caso de inadmisión da proposta cando esta se efectuase prescindindo do procedemento establecido no artigo 98 desta lei, concederáselle ao xestor aeroportuario un prazo para emendar as deficiencias detectadas. Transcorrido o dito prazo sen que se emendasen ou manténdose as condicións de inadmisión da proposta, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia remitirá a proposta de modificación tarifaria que considere razoable, debidamente xustificada e na cal consten as irregularidades identificadas, ao órgano competente para a súa incorporación ao anteproxecto de lei que corresponda.

Noutro caso, a constatación de irregularidades no procedemento de consulta e transparencia previsto no artigo 98 desta lei dará lugar á emisión de recomendacións da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia sobre as medidas que se adoptarán en futuras consultas, incluída a necesidade de amplialas ás compañías usuarias do aeroporto non asociadas ás asociacións ou organizacións representativas de usuarios.

2. No exercicio da función de supervisión de que as propostas de modificación ou actualización das tarifas aeroportuarias presentadas polo xestor aeroportuario se axustan ao previsto nos artigos 91 e 101.1 desta lei, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia remitirá ao órgano competente, para a súa inclusión no anteproxecto de lei que corresponda, as propostas do xestor aeroportuario que cumpran cos ditos criterios.

Noutro caso, a Comisión comunicará ao xestor aeroportuario a modificación tarifaria revisada ou, se é o caso, os criterios que debería seguir para que a proposta garanta o cumprimento do disposto no parágrafo anterior e o prazo para presentar a nova proposta axustada aos ditos criterios. Recibida a comunicación do xestor aeroportuario ou transcorrido o prazo concedido para o efecto sen tela obtido, a Comisión remitirá a modificación tarifaria revisada que proceda ao órgano competente para a súa inclusión no anteproxecto de lei que corresponda. Na proposta da Comisión faranse constar de forma clara e precisa a modificación tarifaria proposta pola dita comisión así como o punto de vista do xestor aeroportuario.

No establecemento da modificación tarifaria revisada, a Comisión procurará evitar flutuacións excesivas das tarifas aeroportuarias, sempre e cando sexa compatible cos principios establecidos nos artigos 91 e 101.1 desta lei.»

Tres. Engádese unha nova disposición adicional décimo quinta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo quinta. *Consulta sobre tarifas aeroportuarias.*

Naqueles aeroportos en que os usuarios de aeronaves de aviación xeral ou deportiva, traballos aéreos e de aeronaves históricas teñan unha presenza significativa, daráselles participación no procedemento de consulta a que se refiren os artigos 98 e 102 ás asociacións ou organizacións representativas dos ditos operadores.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.*

A Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, queda modificada como segue:

Un. O artigo 13 bis queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 13 bis. *Separación funcional.*

1. Cando a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia chegue á conclusión de que as obrigas impostas, en virtude do disposto no artigo anterior, non abondaron para conseguir unha competencia efectiva e que segue habendo problemas de competencia ou fallos do mercado importantes e persistentes en relación con mercados por xunto de produtos de acceso, poderá decidir a imposición, como medida excepcional, aos operadores con poder significativo no mercado integrados verticalmente, da obriga de traspasar as actividades relacionadas co fornecemento por xunto de produtos de acceso a unha unidade empresarial que actúe independentemente.

Esa unidade empresarial subministrará produtos e servizos de acceso a todas as empresas, incluídas outras unidades empresariais da sociedade matriz, nos mesmos prazos, termos e condicións, en particular no que se refire a niveis de prezos e de servizo, e mediante os mesmos sistemas e procesos.

2. Cando a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia se propoña impoñer unha obriga de separación funcional, elaborará unha proposta que inclúa:

- a) probas que xustifiquen as conclusións ás cales chegou,
- b) probas de que hai poucas posibilidades, ou ningunha, de competencia baseada na infraestrutura nun prazo razoable,
- c) unha análise do impacto previsto sobre a autoridade reguladora, sobre a empresa, particularmente no que se refire aos traballadores da empresa separada e ao sector das comunicacións electrónicas no seu conxunto, sobre os incentivos para investir no sector no seu conxunto, en especial polo que respecta á necesidade de garantir a cohesión social e territorial, así como sobre outras partes interesadas, incluído en particular o impacto previsto sobre a competencia en infraestruturas e calquera efecto negativo potencial sobre os consumidores, e
- d) unha análise das razóns que xustifiquen que esta obriga é o medio máis adecuado para aplicar solucións aos problemas de competencia ou fallos do mercado que se identificasen.

3. O proxecto de medida incluirá os elementos seguintes:

- a) a natureza e o grao precisos da separación, especificando en particular o estatuto xurídico da entidade empresarial separada,
- b) unha indicación dos activos da entidade empresarial separada e dos produtos ou servizos que debe subministrar esta entidade,

c) os mecanismos de gobernanza para garantir a independencia do persoal empregado pola entidade empresarial separada e a estrutura de incentivos correspondente,

d) as normas para garantir o cumprimento das obrigas,

e) as normas para garantir a transparencia dos procedementos operativos, en particular de cara a outras partes interesadas, e

f) un programa de seguimento para garantir o cumprimento, incluída a publicación dun informe anual.

4. A proposta de imposición da obriga de separación funcional, unha vez que o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e o Ministerio de Economía e Competitividade, como autoridades nacionais de regulamentación identificadas no número 1 do artigo 46, emitisen informe sobre ela, presentárase á Comisión Europea.

5. Tras a decisión da Comisión Europea, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia levará a cabo, de conformidade co procedemento previsto no artigo 10, unha análise coordinada dos distintos mercados relacionados coa rede de acceso. Sobre a base da súa avaliación, logo do informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia imporá, manterá, modificará ou suprimirá as obrigas correspondentes.

6. No suposto de que unha empresa designada como posuidora de poder significativo nun ou varios mercados pertinentes se propoña transferir os seus activos de rede de acceso local, ou unha parte substancial deles, a unha persoa xurídica separada de distinta propiedade, ou establecer unha entidade empresarial separada para subministrar a todos os provedores retalistas, incluídas as súas propias divisións retalistas, produtos de acceso completamente equivalentes, deberá informar con anterioridade o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, o Ministerio de Economía e Competitividade e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. As empresas informarán tamén o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, o Ministerio de Economía e Competitividade e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia de calquera cambio do dito propósito, así como do resultado final do proceso de separación.

Neste caso, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia avaliará o efecto da transacción prevista sobre as obrigas regulamentarias impostas a esa entidade, levando a cabo, de conformidade co procedemento previsto no artigo 10, unha análise coordinada dos distintos mercados relacionados coa rede de acceso. Sobre a base da súa avaliación, logo do informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia imporá, manterá, modificará ou suprimirá as obrigas correspondentes.

7. As empresas ás cales se impuxese ou que decidisen a separación funcional poderán estar suxeitas a calquera das obrigas enumeradas no artigo 13 en calquera mercado de referencia en que fosen designadas como posuidoras de poder significativo no mercado.»

Dous. O número 1 do anexo 1 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Taxa xeral de operadores.

1. Sen prexuízo da contribución económica que se lles poida impoñer aos operadores para o financiamento do servizo universal, de acordo co establecido no artigo 25 e no título III, todo operador estará obrigado a satisfacer unha taxa anual que non poderá exceder o 1,5 por mil dos seus ingresos brutos de explotación e que estará destinada a sufragar os gastos que se xeren, incluídos os de xestión, control e execución, pola aplicación do réxime xurídico establecido nesta lei, polas autoridades nacionais de regulamentación a que se refire o artigo 68.

Para efectos do sinalado no parágrafo anterior, enténdese por ingresos brutos o conxunto de ingresos que obteña o operador derivados da explotación das redes

e a prestación dos servizos de comunicacións electrónicas incluídos no ámbito de aplicación desta lei. Para tales efectos, non se considerarán como ingresos brutos os correspondentes a servizos prestados por un operador cuxo importe recade dos usuarios co fin de remunerar os servizos de operadores que exploten redes ou presten servizos de comunicacións electrónicas.

2. A taxa devindicarase o 31 de decembro de cada ano. Non obstante, se por causa imputable ao operador este perde a habilitación para actuar como tal con data anterior ao 31 de decembro, a taxa devindicarase na data en que esta circunstancia se produza.

3. O importe desta taxa anual non poderá exceder os gastos que se xeren, incluídos os de xestión, control e execución, pola aplicación do réxime xurídico establecido nesta lei, anteriormente referidos.

Para tal efecto, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo fará pública antes do 30 de abril de cada ano unha memoria que conteña os gastos en que incorreron no exercicio anterior as autoridades nacionais de regulamentación a que se refire o artigo 68 pola aplicación do réxime xurídico establecido nesta lei.

A memoria recollerá, de forma separada, os gastos en que incorrese a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia pola aplicación do réxime xurídico establecido nesta lei, que servirán de base para fixar a asignación anual da Comisión con cargo aos orzamentos xerais do Estado e garantir a suficiencia de recursos financeiros da Comisión para a aplicación desta lei.

O importe da taxa resultará de aplicar ao importe dos gastos en que incorreron no exercicio anterior as autoridades nacionais de regulamentación a que se refire o artigo 68, pola aplicación do réxime xurídico establecido nesta lei e que figura na citada memoria, a porcentaxe que individualmente representan os ingresos brutos de explotación de cada un dos operadores de telecomunicacións no exercicio anterior sobre o total dos ingresos brutos de explotación obtidos nese mesmo exercicio polos operadores de telecomunicacións.

Regulamentariamente, determinaranse o sistema de xestión para a liquidación desta taxa e os prazos e requisitos que os operadores de telecomunicacións deben cumprir para comunicar ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo o importe dos seus ingresos brutos de explotación, co obxecto de que este calcule o importe da taxa que corresponde satisfacer a cada un dos operadores de telecomunicacións.»

Tres. O número 5 do anexo I queda redactado nos seguintes termos:

«5. Xestión e recadación en período voluntario das taxas.

O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo xestionará e recadará en período voluntario as taxas deste anexo.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario.*

A Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, queda modificada como segue:

Un. O artigo 95 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 95. *Competencia para a imposición de sancións.*

Corresponderalles a imposición das sancións por infraccións leves aos delegados do Goberno nas comunidades autónomas e por infraccións graves, ao secretario de Estado de Infraestruturas, Transporte e Vivenda do Ministerio de Fomento. As sancións por infraccións moi graves serán impostas polo ministro de Fomento.

Corresponde á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a imposición das sancións polo incumprimento das súas resolucións, tipificado como infracción nos artigos 88.b) e 89.a).»

Dous. Engádese un novo número 12 ao artigo 96 coa seguinte redacción:

«12. As actuacións reguladas neste artigo serán realizadas pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia cando se trate de procedementos incoados como consecuencia das infraccións a que se refire o parágrafo segundo do artigo 95.»

Disposición derradeira sétima. *Modificación da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.*

Engádese un novo número 3 no artigo 70 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, coa seguinte redacción:

«3. A recadación das multas corresponderá á Administración xeral do Estado en período voluntario e á Axencia Estatal de Administración Tributaria en período executivo, conforme o establecido no Regulamento xeral de recadación aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.»

Disposición derradeira oitava. *Modificación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.*

Un. Suprímese o número 7 do artigo 13 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

Dous. Modifícase o número 3 do artigo 66 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, que queda redactado como segue:

«3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, dentro do seu ámbito de actuación e das funcións que ten encomendadas, poderá impoñer sancións efectivas, proporcionadas e disuasorias ás empresas eléctricas polas infraccións administrativas tipificadas como moi graves nos números 1, 2, 5, 6 e 7 do artigo 60.a) da presente lei, así como por aquelas tipificadas nos números 8, 9 e 10 do citado artigo 60.a), en relación cos incumprimentos de resolucións xuridicamente vinculantes ou requirimentos da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no ámbito das súas competencias.

Así mesmo, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia terá competencia para sancionar a comisión das infraccións graves a que se fai referencia no parágrafo anterior cando, polas circunstancias concorrentes, non se poidan cualificar de moi graves e, en particular, no caso das tipificadas nos números 4, 5 e 22 do artigo 61.a) da presente lei, en relación cos incumprimentos de resolucións xuridicamente vinculantes ou requirimentos da citada comisión no ámbito das súas competencias.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia terá competencia para sancionar aquelas infraccións leves tipificadas no artigo 62 da presente lei, en relación cos incumprimentos de resolucións xuridicamente vinculantes ou requirimentos da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no ámbito das súas competencias.

En calquera caso, a contía da sanción non poderá superar o 10% do importe neto anual da cifra de negocios do xestor da rede de transporte ao dito xestor, ou o 10% do importe neto anual da cifra de negocios consolidada da sociedade matriz do grupo verticalmente integrado á dita empresa integrada verticalmente, segundo os casos.»

Disposición derradeira novena. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do disposto:

- a) No artigo 149.1.13^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.
- b) No artigo 149.1.20^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de aeroportos de interese xeral.
- c) No artigo 149.1.21^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de ferrocarrís que transcorran polo territorio de máis dunha comunidade autónoma; réxime xeral de comunicacións; correos e telecomunicacións.
- d) No artigo 149.1.25^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar as bases do réxime mineiro e enerxético.
- e) No artigo 149.1.27^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar lexislación básica do réxime de prensa, radio e televisión.

Disposición derradeira décima. *Habilitación normativa.*

1. O Goberno poderá ditar as disposicións regulamentarias necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta lei.

2. No prazo máximo de dous meses desde a entrada en vigor desta lei, o Consello de Ministros aprobará mediante real decreto o estatuto orgánico a que fai referencia o artigo 26 desta lei, no cal se establecerán cantas cuestións relativas ao funcionamento e réxime de actuación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia resulten necesarias conforme as previsións desta lei e, en particular, as seguintes:

- a) A estrutura orgánica da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.
- b) A distribución de competencias entre os distintos órganos.
- c) O réxime do seu persoal.

Disposición derradeira décimo primeira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 4 de xuño de 2013.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY

ANEXO

Taxas e prestacións patrimoniais de carácter público relacionadas coas actividades e servizos regulados nesta lei

I. Taxas por prestación de servizos e realización de actividades

1. Taxas por prestación de servizos e realización de actividades en relación co sector postal

A) Taxa por inscrición no Rexistro xeral de empresas prestadoras de servizos postais.

1. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a inscrición e renovación da inscrición no Rexistro xeral de empresas prestadoras de servizos postais.

2. Devindicación.

A taxa devindicarase coa súa inscrición e renovación anual.

3. Suxeitos pasivos.

Serán suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas que presten servizos postais e figuren inscritas no Rexistro xeral de empresas prestadoras de servizos postais.

As empresas que presten simultaneamente servizos postais incluídos no ámbito do servizo postal universal e servizos non incluídos no dito ámbito, deberán estar inscritas no Rexistro xeral de empresas prestadoras de servizos postais nas seccións correspondentes a tales servizos. Cada acto de inscrición e de renovación dará lugar ao aboamento da taxa pertinente.

4. Contías.

A cota que se ingresará será de 400 euros, que se deberán aboar no momento en que se realice a inscrición no Rexistro ou na súa renovación.

5. Xestión.

A liquidación da taxa polo Ministerio de Fomento axustarase ao que se dispoña en orde ministerial ditada para o efecto.

B) Taxa pola expedición de certificacións rexistrais.

1. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a expedición de certificacións rexistrais emitidas polo Rexistro xeral de empresas prestadoras de servizos postais.

Non será aplicable a taxa no caso de certificacións emitidas con ocasión da inscrición inicial ou renovación desta no dito rexistro.

2. Devindicación.

A taxa devindicarase coa solicitude da certificación rexistral.

3. Suxeitos pasivos.

Serán suxeitos pasivos as persoas que soliciten a certificación.

4. Contías.

A cota que se ingresará será de 100 euros, que se deberá aboar de forma simultánea á presentación da solicitude.

5. Xestión.

A liquidación da taxa polo Ministerio de Fomento axustarase ao que se dispoña en orde ministerial ditada para o efecto.

C) Taxas pola concesión de autorizacións administrativas singulares.

A liquidación da taxa polo Ministerio de Fomento seguirá exixíndose nos termos establecidos no artigo 32 da Lei 43/2010, do 30 de decembro, do servizo postal universal, dos dereitos dos usuarios e do mercado postal.

2. Taxas por prestación de servizos e realización de actividades en relación coas operacións de concentración

Taxa por análise e estudo das operacións de concentración.

1. Feito impoñible.

Constitúe o feito impoñible da taxa a realización, pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, da análise das concentracións suxeitas a control, de acordo co artigo 8 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.

2. Devindicación.

A taxa devindicarase coa presentación da notificación prevista no artigo 9 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

Se se presenta a autoliquidación sen ingreso, procederase á súa exacción pola vía de constrinximento, sen prexuízo de que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia instrúa o correspondente expediente.

3. Suxeitos pasivos.

Serán suxeitos pasivos as persoas que resulten obrigadas a notificar, de acordo co artigo 9 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

4. Contías.

1.º Unha cota fixa de 1.500 euros para aquelas concentracións que requiran a súa tramitación a través do formulario abreviado de notificación previsto no artigo 56 da Lei 15/2007, do 3 de xullo. Non obstante, se a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia decide, conforme o establecido no artigo mencionado, que as partes deben presentar o formulario ordinario, estas deberán realizar a liquidación complementaria correspondente.

2.º No suposto de análise de operacións de concentración económicas suxeitas a control, de acordo co artigo 8 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, a cota da taxa será:

a) De 5.502,15 euros cando o volume de negocios global en España do conxunto dos partícipes na operación de concentración sexa igual ou inferior a 240.000.000 de euros.

b) De 11.004,31 euros cando o volume de negocios global en España das empresas partícipes sexa superior a 240.000.000 de euros e igual ou inferior a 480.000.000 de euros.

c) De 22.008,62 euros cando o volume de negocios global en España das empresas partícipes sexa superior a 480.000.000 de euros e igual ou inferior a 3.000.000.000 de euros.

d) Dunha cantidade fixa de 43.944 euros cando o volume de negocios en España do conxunto dos partícipes sexa superior a 3.000.000.000 de euros, máis 11.004,31 euros adicionais por cada 3.000.000.000 de euros en que o mencionado volume de negocios supere a cantidade anterior, ata un límite máximo de 109.806 euros.

5. Devolución.

De conformidade co previsto no artigo 12 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, a devolución de taxas exixidas só procederá cando o feito impoñible non se tiver realizado por causas non imputables ao suxeito pasivo.

6. Xestión.

A liquidación da taxa pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia axustarase ao que se dispoña na orde ministerial ditada para o efecto.

3. Taxas por prestación de servizos e realización de actividades en relación co sector das telecomunicacións

Corresponderá ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo a liquidación das seguintes taxas:

A) Taxa xeral de operadores, regulada no número 1 do anexo I da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

B) Taxas por numeración telefónica, reguladas no número 2 do anexo I da Lei 32/2003, do 3 de novembro.

C) Taxa por reserva do dominio público radioeléctrico, reguladas no número 3 do anexo I da Lei 32/2003, do 3 de novembro.

D) Taxas de telecomunicacións, reguladas no número 4 do anexo I da Lei 32/2003, do 3 de novembro.

4. Taxas previstas para o exercicio das funcións do sector enerxético

1. Para os efectos previstos na presente lei, establécense as seguintes taxas:

Primeiro. Taxa aplicable á prestación de servizos e realización de actividades en relación co sector de hidrocarburos líquidos.

a) Feito impoñible. Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación de servizos e a realización de actividades polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo en relación co sector dos hidrocarburos líquidos, de conformidade co establecido nesta lei e na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

b) Base impoñible. A base impoñible da taxa vén constituída polas vendas anuais de gasolinas, gasóleos, querosenos, fuelóleos e gases licuados do petróleo a granel e envasado expresadas en toneladas métricas (t), cuxa entrega se realizase en territorio nacional. Para estes efectos, non terán a consideración de vendas as realizadas entre operadores, nin as vendas realizadas polos operadores a que se refire o artigo 45 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, a distribuidores de gases licuados do petróleo por canalización a consumidores finais.

As vendas a que se refire o parágrafo anterior calcularanse anualmente, con base nas realizadas no ano natural anterior e aplicaranse a partir do 1 de xaneiro. Mediante resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo determinaranse as vendas anuais que corresponden a cada operador e que servirán de base para o cálculo da cota tributaria que se debe ingresar no Tesouro público. Mentres non se dite a resolución a que se refire o parágrafo anterior, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo efectuará a liquidación prevista na alínea f) deste punto conforme as vendas anuais establecidas para o exercicio inmediatamente anterior. Unha vez ditada a resolución pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, este efectuará as regularizacións que, se é o caso, procedan de acordo coa determinación de vendas que esta establecece.

c) Devindicación da taxa. A taxa devindicarase o día último de cada mes natural.

d) Suxeitos pasivos. Os suxeitos pasivos da taxa son os operadores por xunto a que se refiren os artigos 42 e 45 da Lei 34/1998, do 7 de outubro.

e) Tipo de gravames e cota. O tipo polo que se multiplicará a base imponible para determinar a cota tributaria que se ingresará no Tesouro público será de 0,140817 euros/t.

f) Normas de xestión. A taxa será obxecto de liquidación mensual polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, e o importe de cada liquidación practicada ascenderá á doceava parte da cota tributaria definida na alínea e) anterior.

O ingreso da taxa liquidada e notificada polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo realizarano os suxeitos pasivos definidos na letra d) anterior nos prazos fixados no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

Segundo. Taxa aplicable á prestación de servizos e realización de actividades en relación co sector de hidrocarburos gasosos.

a) Feito imponible. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación de servizos e a realización de actividades polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no sector dos hidrocarburos gasosos, de conformidade co establecido nesta lei e na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

b) Base imponible. A base imponible da taxa vén constituída pola facturación total derivada da aplicación de peaxes e canons a que se refire o artigo 92 da Lei 34/1998, do 7 de outubro.

c) Devindicación. A taxa devindicarase o día último de cada mes natural.

d) Suxeitos pasivos. Os suxeitos pasivos da taxa son as empresas que realicen as actividades de regasificación, almacenamento en tanques de GNL, almacenamento básico, transporte e distribución, nos termos previstos na Lei 34/1998, do 7 de outubro.

e) Tipos de gravames e cota. O tipo polo que se multiplicará a base imponible para determinar a cota tributaria que se ingresará no Tesouro público será de 0,140 por cento.

f) Normas de xestión. A taxa será obxecto de autoliquidación mensual polos suxeitos pasivos definidos na alínea d) anterior. O suxeito pasivo cubrirá o correspondente impreso de declaración-liquidación, segundo os modelos que aprobe mediante resolución o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, antes do día 25 de cada mes, os suxeitos pasivos deberán presentar ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo declaración-liquidación sobre a facturación total correspondente ao mes anterior, con desagregación de períodos e facturas.

O prazo para o ingreso das taxas correspondentes á facturación de cada mes será, como máximo, o día 10, ou o seguinte día hábil, do mes seguinte ao seguinte a aquel a que se refira o período de facturación liquidado.

g) Integración da taxa na estrutura de peaxes e canons prevista na Lei 34/1998, do 7 de outubro. A taxa por prestación de servizos e realización de actividades no sector de hidrocarburos gasosos ten a consideración de custo permanente do sistema gasista, e intégrase para todos os efectos na estrutura, peaxes e canons establecidos pola Lei 34/1998, do 7 de outubro, e disposicións de desenvolvemento desta.

Terceiro. Taxa aplicable á prestación de servizos e realización de actividades en relación co sector eléctrico.

a) Feito imponible. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación de servizos e a realización de actividades polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia en relación co sector eléctrico, de conformidade co establecido nesta lei e na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

b) Exencións e bonificacións. En materia de exencións e bonificacións aplicarase o establecido na disposición adicional única do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o procedemento de liquidación dos custos de transporte, distribución e comercialización a tarifa, dos custos permanentes do sistema e dos custos de diversificación e seguridade de abastecemento, pola que se determina o

réxime de exencións e coeficientes reductores aplicable ás cotas a que se refire o artigo 5 do citado real decreto.

Así mesmo, resultará de aplicación o disposto na disposición transitoria sexta do citado Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro.

c) Base impositiva. A base impositiva da taxa está constituída pola facturación total derivada da aplicación das peaxes de acceso a que se refire o artigo 17 da Lei 54/1997, do 27 de novembro.

d) Devindicación da taxa. A taxa devindicarase o día último de cada mes natural.

e) Suxeitos pasivos. Os suxeitos pasivos da taxa son as empresas que desenvolven as actividades de transporte e distribución, nos termos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro.

f) Tipos de gravames e cota. O tipo polo que se multiplicará a base impositiva para determinar a cota tributaria que se ingresará no Tesouro público será de 0,150 por cento para as peaxes a que se refire o artigo 17 da Lei 54/1997, do 27 de novembro.

g) Normas de xestión. A taxa será obxecto de autoliquidación mensual polos suxeitos pasivos definidos na alínea e) anterior. O suxeito pasivo cubrirá o correspondente impreso de declaración-liquidación, segundo os modelos que aprobe mediante resolución o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, antes do día 25 de cada mes os suxeitos pasivos deberán presentar ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo declaración-liquidación sobre a facturación total correspondente ao mes anterior, con desagregación de períodos e facturas.

O ingreso das taxas correspondentes á facturación do penúltimo mes anterior realizarase antes do día 10 de cada mes ou, se é o caso, do día hábil inmediatamente posterior.

h) Integración da taxa na estrutura de peaxes prevista na Lei 54/1997, do 27 de novembro. A taxa por prestación de servizos e realización de actividades no sector eléctrico ten a consideración de custo permanente do sistema, nos termos previstos no artigo 16.5 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, e intégrase para todos os efectos na estrutura de peaxes establecida pola citada lei e disposicións de desenvolvemento desta.

2. A xestión e recadación en período voluntario das taxas definidas na presente disposición corresponderá ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo nos termos previstos na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e demais normativa de aplicación.

A competencia para acordar o aprazamento e fraccionamento de pagamento en período voluntario das taxas definidas na presente disposición corresponderá, así mesmo, ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, segundo o previsto no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo. A recadación en vía executiva será competencia dos órganos de recadación da Facenda pública, de acordo co previsto na normativa tributaria.

3. No non previsto nos puntos anteriores será de aplicación o establecido na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria; na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, e nas normas de desenvolvemento destas.

4. Os tipos de gravames serán revisados polo Goberno con carácter cuadrienal e serán adaptados ás necesidades de financiamento que xustifiquen a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

A primeira revisión realizarase o ano seguinte a aquel en que o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo exerza de forma efectiva as funcións encomendadas na disposición adicional oitava desta lei.

5. A prestación de servizos e realización de actividades polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo a que se fai referencia nos puntos primeiro a), segundo a) e terceiro a) incluirá aqueles realizados por organismos adscritos a el, aos cales o citado ministerio lles encomende a prestación ou realización dos servizos e actividades.

6. Nas leis de orzamentos xerais do Estado de cada ano determinarase que porcentaxe do recadado polas taxas previstas nos ordinais segundo e terceiro se destinará á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para o exercicio das súas funcións no ámbito do sector enerxético.

5. Taxa pola xestión administrativa do xogo

A xestión desta taxa será realizada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

II. Prestacións patrimoniais de carácter público

1. Achegas que deben realizar os operadores de telecomunicacións e os prestadores privados do servizo de comunicación audiovisual televisiva, de ámbito xeográfico estatal ou superior ao dunha comunidade autónoma, reguladas nos artigos 5 e 6 da Lei 8/2009, do 28 de agosto, de financiamento da Corporación de Radio e Televisión Española.

2. Contribución postal regulada no artigo 31 da Lei 43/2010, do 30 de decembro.